



ABRIR VOLUMEN I

Dado de Baja
en la
Biblioteca

UNIVERSIDAD COMPLUTENSE
FACULTAD DE CIENCIAS DE LA INFORMACION
DEPARTAMENTO DE PERIODISMO II


TESIS
"TELEVISION Y VIDEO EN GALICIA.
LA INTERVENCION DE LA INSTITUCION AUTONOMICA
EN EL SECTOR AUDIOVISUAL".

ANEXO I. MATERIALES

Se recuerda al lector no hacer más uso de esta obra que el que permiten las disposiciones Vigentes sobre los Derechos de Propiedad Intelectual del autor. La Biblioteca queda exenta de toda responsabilidad.

AUTOR

Marcelo Antonio Martínez Hermida



DIRECTOR

Dr. Mariano Cebrián Herreros

MADRID, 1994

**UNIVERSIDAD COMPLUTENSE
DE MADRID**

**FACULTAD DE CIENCIAS
DE LA INFORMACION**

REGISTROS DE LIBROS

BIBLIOTECA GENERAL

Nº Registro 30.295.....

ANEXO 1. MATERIALES

INDICE:

LEGISLACION. págs... 3 a 60

DOCUMENTOS. págs... 61 a 138

FRENSA. págs... 139 a 162

LEGISLACION

Capítulo 3
Epígrafe 3.1.2..

Sumario

1. Lei 10/1983, do 9 de decembro, Reguladora do Consello Asesor de RTVE en Galicia.
2. Lei 9/1984, do 11 de xullo, de creación da Compañía de Radio-Televisión en Galicia.

Anexos

1. Lei do Estado 4/1980, do 10 de xaneiro, do Estatuto de Radio e da Televisión.....	45
2. Lei do Estado 46/1983, do 26 de decembro, reguladora da Terceira Canle de Televisión.....	79
3. Acordo da Mesa e da Xunta de Portavoces do Parlamento, do 22 de novembro de 1984, e a Deputación Permanente, do 22 de xaneiro de 1985, sobre os criterios para ordena-la elección dos membros do Consello de Administracion da Compañía de Radio-Televisión de Galicia.....	93
4. Acordo da Mesa do Parlamento, do 4 de setembro de 1986, sobre normas de funcionamento da Comisión de Control da Cia. de RTVG e das súas Sociedades.....	99

Índice analítico

1

Lei 10/1983, do 9 de decembro, reguladora do Consello Asesor de RTVE en Galicia

Boletín Oficial do Parlamento de Galicia núm. 195, do 21 de decembro de 1983, e Diario Oficial de Galicia núm. 21, do 1 de febreiro de 1984.

Proxecto de Lei. BOPG núm. 110, 4-6-83
Emendas. BOPG núm. 142, 15-7-83
Informe Ponencia. BOPG núm. 175, 15-11-83
Dictame Comisión. BOPG núm. 181, 25-11-83
Emendas e votos particulares. BOPG núm. 181, 25-11-83
Debate Pleno. DS núm. 57, 9-12-83

Imprime: División de Artes Gráficas
de «La Voz de Galicia, S.A.»
Concepción Arenal, 11-13
A Coruña

I.S.B.N.: 84-7836-012-3
Depósito Legal: C. 1.393-1988

—Lei 10/1983, do 9 de decembro, reguladora do Consello Asesor de RTVE en Galicia.

Exposición de Motivos

O artigo 34.1 do Estatuto de Autonomía para Galicia establece a competencia da Comunidade Autónoma galega para o desenvolvemento lexislativo e a execución do réxime de Radiodifusión e Televisión nos termos e casos establecidos no Estatuto da Radio e a Televisión. Así mesmo, o artigo 34.3 e a Disposición transitoria sexta do Estatuto de Autonomía sinalan que a Comunidade Autónoma poderá regular, crear e mante-la súa propia Televisión, Radio e Prensa e que, ata a posta en funcionamento efectivo da terceira canle de televisión, RTVE haberá de articular, a través da súa organización en Galicia, un réxime transitorio de programación específica para o territorio de Galicia que Televisión Española emitirá pola Segunda Cadea.

Por outra banda, o vixente Estatuto da Radio e a Televisión establece no artigo 14.2 que cada-súa Comunidade haberá de ter un Consello Asesor, nomeado polo Goberno da Comunidade Au-

tónoma e que terá unha composición determinada por lei.

Este Consello Asesor ofrece unha dobre vertente: unha, en canto que é representante dos intereses da Comunidade Autónoma en RTVE, e outra, en canto se constitúe en órgano asesor do Delegado Territorial de RTVE na Comunidade Autónoma; pero, á vez, é un órgano designado pola propia Comunidade, representativo dos seus intereses, e tal potestade de nomeamento leva implicatas certas facultades normativas que respecto a el corresponden á Comunidade Autónoma en canto o Consello é un órgano integrador e canle de participación dentro do marco do Estatuto da Radio e a Televisión.

En consecuencia, a presente Lei regula a composición e as funcións do Consello Asesor de RTVE en Galicia.

Polas devanditas razóns, o Parlamento de Galicia aprobou e eu, de conformidade co artigo 13.^º, 2 do Estatuto de Galicia e co artigo 24 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu Presidente, promulgo, en nome de El-Rei, a Lei reguladora do Consello Asesor de R.T.V. en Galicia.

CAPÍTULO I ÁMBITO DE APLICACIÓN

Artigo 1.

De acordo co establecido no artigo 34.1 do

Estatuto de Autonomía para Galicia e mais no artigo 14.2 do Estatuto da Radio e a Televisión, créase, con esta denominación oficial a tódolos efectos, o Consello Asesor de Radio e Televisión Española en Galicia, que se rexerá polos preceptos contidos nesta Lei.

CAPÍTULO II FUNCIONES

Artigo 2.

O Consello Asesor ten as seguintes funcións:

a) Asesorar ó Delegado Territorial de RTVE sobre a proposta de programación específica e de horario da Radio e a Televisión en Galicia que este haberá de elevar ó Director Xeral da Radio e a Televisión, de acordo co artigo 15 do Estatuto da Radio e a Televisión. As recomendacións do Consello Asesor acompañarán, en todo caso, á proposta que o Delegado Territorial eleve ó Director Xeral de RTVE.

b) Estudiar e formula-las recomendacións sobre as necesidades e capacidades de Galicia para acada-la axeitada descentralización dos servicios de radio e televisión e en especial da sociedade estatal Radio Cadena Española (RCE), conforme ó establecido no artigo 14.2 do Estatuto da Radio e a Televisión.

c) Facer chegar ó Consello de Administración de RTVE, a través do Delegado Territorial, os cri-

terios de asesoramento que, dentro da súa competencia, sexan considerados idóneos para que se apliquen no ámbito da Comunidade Autónoma os dereitos recoñecidos nos artigos 8 e 24 do Estatuto de RTVE.

d) Coñecer coa antelación suficiente para poder formular observacións os plans anuais de traballo, os anteproxectos de presupostos e as Memorias anuais de RTVE en Galicia, e das súas sociedades.

e) Emitir parecer ó Director Xeral de RTVE no tocante ó nomeamento do Delegado Territorial de Radio Televisión Española en Galicia.

f) Asesorar e asistir directamente ó Delegado Territorial de RTVE en todas cantas cuestións afecten á recepción e cobertura en Galicia dos programas que se emitan, así como a financiación dos mesmos e, en xeral, a tódalas cuestións relativas ás competencias que ten de seu.

g) Informar ó Delegado Territorial sobre o cumprimento na programación dos principios establecidos no artigo 4 do Estatuto da Radio e a Televisión, así como sobre a correcta execución das resolucións e acordos ós que poida dar lugar a aplicación do apartado a) deste artigo.

h) Emitir parecer do nomeamento dos representantes que correspondan á Comunidade Autónoma de Galicia nos Consellos Asesores de RNE, RCE e TVE, conforme o preceptuado no artigo 9 do Estatuto da Radio e a Televisión.

i) Elevar ó Consello de Administración de RTVE, a través do Delegado Territorial en Galicia, ou co seu coñecemento, as recomendacións que coide oportunas en defensa dos intereses da Comunidade Autónoma.

Artigo 3.

O Consello Asesor de RTVE en Galicia, informará e asesorará ó Delegado Territorial, sen prexuicio do establecido no Estatuto de Radio e Televisión, sobre:

a) A composición e modificación dos cadros de persoal de RTVE en Galicia.

b) Os criterios de selección de persoal, baseados en principio de igualdade, capacidade e méritos.

c) Os criterios de adscrición de destino e a regulación das condicións de traspaso ou traslado de persoal, cando estas afecten ó cadre do mesmo de RTVE en Galicia.

Artigo 4.

O Consello Asesor de RTVE en Galicia adoptará os procedementos adecuados para coñecelelo estado dos servicios e será informado da opinión dos usuarios de RTVE no ámbito territorial da Comunidade Autónoma galega.

Artigo 5.

O Consello Asesor, por medio do seu Presi-

dente, pode solicitar ser informado, polos órganos e persoas competentes, das cuestiós relacionadas cos asuntos sometidos á súa consideración e estudio.

Artigo 6.

1.— O Consello Asesor de RTVE en Galicia ten como función específica o estudio e seguimento de RTVE polo que se refire á adecuación ó réxime autonómico.

2.— Así mesmo, elaborará anualmente unha Memoria que recolla os acordos adoptados, a situación dos medios e as actuacións que o ente público RTVE levara a cabo en Galicia. Esta Memoria será elevada ó Parlamento de Galicia, á Xunta de Galicia e ó Delegado Territorial de RTVE.

CAPÍTULO III FINANCIACIÓN

Artigo 7.

1.— O Consello Asesor formulará a través do Delegado Territorial de RTVE en Galicia e para que se considere a súa inclusión no presupuesto do ente público RTVE, a relación das partidas necesarias para atende-lo seu funcionamento.

2.— O presupuesto da Comunidade Autónoma galega incluirá as partidas necesarias para cu-

bri-los gastos que non sexan financiados polo presuposto de RTVE.

CAPÍTULO IV COMPOSICIÓN E FUNCIONAMENTO

Artigo 8.

1.— O Consello Asesor de RTVE en Galicia constará de trece membros, designados polo Parlamento de Galicia tendo en conta a representación de tódolos Grupos Parlamentarios e nomeados pola Xunta para a Lexislatura correspondente.

A designación farase en proporción ó número de Deputados de cada Grupo Parlamentario segundo a relación de cuocientes e o cómputo de restos de acordo co sistema de maior medida sobre o total dos membros do Parlamento.

Unha vez rematada a Lexislatura, o Consello Asesor cesante continuará as súas funcións ata que os novos membros tomen posesión do cargo.

2.— Se se producisen vacantes, cubriranse de acordo co establecido no apartado 1 deste artigo e polo tempo que quede de mandato.

3.— A condición de membro do Consello Asesor é incompatible con calquera vinculación directa ou indirecta a empresas publicitarias, empresas de producción de programas filmados, radiofónicos ou rexistrados en magnetoscopios, ca-

sas discográficas ou a calquera entidade relacionada co fornecemento ou dotación de material ou programas a RTVE e ás súas sociedades. Tamén é incompatible con todo tipo de prestación de servicios ou relación laboral en RTVE e as súas sociedades.

4.— A incompatibilidade dos membros será apreciada por maioria absoluta do Parlamento.

Artigo 9.

I.— O Consello Asesor elixirá de entre os seus membros un presidente e un vicepresidente polo período dun ano. Para a súa elección cada membro do Consello Asesor escribirá un só nome nunha papeleta, e sairán elixidos presidente e vice-presidente, por orde de voto, os dous que obtivesen maior número deles.

2.— O presidente ostenta a representación legal do Consello Asesor. O vicepresidente sustituirá, a tódolos efectos, en caso de vacante, ausencia ou enfermidade.

3.— Tamén o Consello Asesor elexirá por
maioría un secretario, coas funcións propias do
cargo.

Artigo 10

1.— O Consello Asesor será convocado polo presidente, ben a iniciativa propia, ou a petición dunha terceira parte dos seus membros, ou do Delegado Territorial de RTVE. O Consello Asesor

haberá, cando menos con carácter ordinario, de reunirse unha vez cada tres meses; as sesións e reunións do Consello Asesor efectuaranse onde estea o domicilio da organización territorial de RTVE en Galicia, sen prexuicio de que por propia decisión do Consello poidan celebrarse con carácter circunstancial en calquera outro lugar da Comunidade Autónoma.

2.— A convocatoria haberá de facerse cando menos con corenta e oito horas de antelación, agás por causas excepcionais, e farase consta-lo lugar, a data, a hora e tamén a orde do día, que só poderá ser modificada pola vontade da maioria dos membros do Consello.

Artigo 11

1.— O Consello Asesor quedará validamente constituído en primeira convocatoria cando estean presentes a metade máis un dos seus membros, incluído o presidente ou quen faga as súas funcións. En segunda convocatoria, que terá lugar logo de vintecatro horas, quedará validamente constituído por cal fo-lo número de asistentes. Cada sesión comenzará coa lectura da orde do día a cargo do secretario e coa aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.

2.— Agás nos casos establecidos especificamente nesta Lei, os acordos son tomados por maioria. En caso de empate decidirá o voto de quen presida.

Artigo 12

Ás sesións do Consello Asesor poderá asistir o Delegado Territorial de RTVE, con voz pero sen voto.

Artigo 13

En tanto non sexan aprobadas as partidas presupostarias ás que fai referencia o artigo 7, habilitaranse os créditos precisos para o funcionamento do Consello Asesor.

Disposición Transitoria Primera

O Consello Asesor constituirase no prazo máximo dun mes a partir da entrada en vigor desta Lei.

Disposición Transitoria Segunda

No prazo máximo de tres meses a partir da constitución do Consello Asesor, a Xunta de Galicia, a proposta do propio Consello, aprobará o Regulamento de ejecución e desenvolvemento da presente Lei.

Santiago, 9 de decembro de 1983.

Gerardo Fernández Albor
Presidente

2

Lei 9/1984, do 11 de xullo, de creación da Compañía de Radio-Televisión de Galicia

Boletín Oficial do Parlamento de Galicia núm. 312, do 19 de Xullo de 1984, e Diario Oficial de Galicia núm. 148, do 3 de agosto de 1984.

Proyecto de Ley. BOPG núm. 245, 4-4-84

Emendas. BOPG núm. 263, 7-5-84

Informe Ponencia. BOPG núm. 295, 27-6-84

Dictamen Comisión. BOPG núm. 303, 6-7-84

Emendas e votos particulares. BOPG núm. 303, 6-7-84

Debate Pleno. DS núm. 82, 11-7-84

—Lei 9/1984, do 11 de xullo, de creación da Compañía de Radio-Televisión de Galicia

Exposición de Motivos

Segundo establece o artigo 34.3 do Estatuto de Autonomía para Galicia, no marco das normas básicas do Estado, a Comunidade Autónoma pode regular, crear e mante-la súa propia televisión, radio e prensa e, en xeral, tódolos medios de comunicación social para o cumprimento dos seus fins. Por outra banda, a Disposición Transitoria sexta do Estatuto establece que no tocante á televisión, a aplicación do apartado 3 do artigo 34 supón que o Estado outorgará en réxime de concesión á Comunidade Autónoma de Galicia a utilización dunha terceira canle, de titularidade estatal, que se debe crear especificamente para a súa emisión no territorio de Galicia, nos términos da citada concesión.

A esta terceira canle refírese, según a doctrina, o artigo 2.2 da Lei 4/80, do 10 de xaneiro de 1980 (Estatuto de Radiodifusión e Televisión),

cando sinala que o Goberno poderá conceder ás Comunidades Autónomas, previa autorización por Lei das Cortes Xerais, a xestión directa dunha canle de televisión de titularidade estatal que se cree especificamente para o ámbito territorial de cada Comunidade Autónoma. O apartado 3 do mesmo artigo 2 deixa finalmente establecido que a organización e o control parlamentario da terceira canle rexional, así como da radiodifusión e televisión no mesmo ámbito territorial, se articulará orgánica e funcionalmente de acordo cos criterios establecidos nos artigos 5.^º a 12.^º e 26.^º do devandito Estatuto da Radiodifusión e Televisión, e según Lei da Comunidade Autónoma.

Este é, pois, o obxectivo da presente Lei: crear un Ente de Dereito Público ó que lle corresponde a regulación e xestión dos servicios de radiodifusión e televisión, competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, determinando a estructura orgánica do devandito Ente, a forma de designación e cese dos seus membros, e mailas súas funcións, así como tamén a creación dunha Comisión do Parlamento de Galicia, con funcións de control, e de acordo coas previsións do seu Regulamento.

Por todo o exposto, o Parlamento de Galicia aprobou e eu, de conformidade co artigo 13.^º 2 do estatuto de Galicia e co artigo 24 da lei 1/1983, do 23 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu Presidente, promulgo, en nome de El-Rei, a Lei de creación da Compañía de Radio-Televisión de Galicia.

CAPÍTULO PRIMEIRO NATUREZA E FUNCIÓN

Artigo 1

1.— Créase no ámbito da Comunidade Autónoma galega a Compañía de Radio-Televisión de Galicia, á que lle corresponde a regulación e xestión dos servicios de Radiodifusión e Televisión, competencia da Comunidade Autónoma.

A Compañía de Radio-Televisión de Galicia ostenta o carácter de entidade de Dereito Público.

2.— As funcións a que se refire o apartado anterior enténdense sen prexuício das competencias que corresponden ó Parlamento e ó Goberno de Galicia e das que, en período electoral, corresponden ás xuntas electorais.

Artigo 2

A Compañía de Radio-Televisión de Galicia ten personalidade xurídica propia e capacidade plena para o cumprimento dos seus fins. Rexerase polas normas que se conteñen na presente Lei e nas disposicións que se dicten para desenvolvela. As devanditas normas integran o dereito propio de Galicia na materia.

Nas súas relacións xurídicas externas, adquisicións patrimoniais e contratación estará suxeita ó réxime de Dereito Privado, sen outras excepcións cás previstas nesta Lei.

CAPÍTULO SEGUNDO

ORGANIZACIÓN

Sección Primeira. Órganos

Artigo 3

A efectos de funcionamento, administración e dirección, a Compañía de Radio-Televisión de Galicia estructurase nos órganos seguintes:

- a) Consello de Administración.
- b) Consello Asesor da Compañía e as súas sociedades.
- c) Director Xeral.

Sección Segunda. Consello de Administración

Artigo 4

1.— O Consello de Administración comporase de doce membros, elixidos para cada lexislatura polo Parlamento de Galicia, mediante maioría de dous tercios, entre persoas de acreditado prestixio profesional. Unha vez nomeado, o Director Xeral asiste ás súas reunións de acordo co disposto no artigo 10.4.

2.— As vacantes que se produzan cubriranse de acordo co procedemento establecido no apartado anterior.

3.— O cese dos membros do Consello de Administración producirase ó final da lexislatura correspondente, se ben seguirán desempeñando as suas funcións ata que os novos tomen posesión dos seus cargos.

4.— A condición de membro do Consello de Administración será incompatible con calquera clase de vinculación directa ou indirecta con empresas publicitarias, empresas de producción ou distribución de películas cinematográficas ou de programas filmados ou gravados en magnetoscópio ou radiofónicos, casas productoras de discos, cintas magnetofónicas ou similares, así como as adicadas ó fornecemento ou dotación de programas ou material á Compañía e ás súas sociedades. Tamén será incompatible con todo tipo de prestación de servicios ou relación laboral en activo coa Compañía, con RTVE ou coas sociedades de ámbolos dous entes.

Artigo 5

A Presidencia do Consello de Administración será puramente funcional e exercerase de forma rotativa por un período de tres meses polos seus membros. A orde de rotación determinarase tendo en conta a maior idade.

Se durante o decorrer da lexislatura cumprise proceder á sustitución dalgún Conselleiro, o sustituto ocupará, a efectos do turno rotatorio na Presidencia, o lugar que lle corresponda ó sustituído pola súa idade.

Artigo 6

1.— Para que o Consello de Administración se entenda validamente constituído en sesión, cumplirá a presencia da mayoría absoluta dos seus membros.

2.— A adopción de acordos farase por mayoría de membros presentes, agás os casos nos que a presente Lei esixa unha maioría cualificada.

3.— O Consello de Administración reunirase en sesión ordinaria cando menos unha vez ó mes e tamén en caso de urxencia a criterio do seu presidente ou cando o solicite a mayoría absoluta dos seus membros. A convocatoria farase por escrito e incluirá, en todo caso, a orde do día.

4.— Non se poderán tratar asuntos distintos dos incluídos na orde do día, non sendo que medie acordo en senso contrario adoptado por mayoría de dous tercios dos membros do Consello.

Artigo 7

1.— Corresponderán ó Consello de Administración as seguintes competencias:

a) Coidar do cumprimento do establecido na presente Lei.

b) Emitir a súa opinión sobre o nomeamento do Director Xeral.

c) Recibir notificación previa do nomeamento

e cese dos Directores da Compañía e das súas sociedades.

d) Aprobar, a proposta do Director Xeral, o plan de actividades do ente público, que fixará os principios básicos e liñas xerais de programación, así como o plan de actuación das súas sociedades.

e) Aproba-la Memoria anual relativa ó desenvolvemento das actividades da entidade e das súas sociedades.

f) Aprobar con carácter definitivo os cadros da Compañía e das súas sociedades, así como as súas modificacóns.

g) Aproba-lo réxime de retribucións da Compañía e das súas sociedades.

h) Aproba-lo anteproxecto de presupostos da Compañía e das súas sociedades.

i) Informa-los proxectos de disposicións que en materia de publicidade se propoña dicta-lo Goberno Galego.

j) Dictar normas reguladoras de emisión de publicidade a través das sociedades da Compañía, tendo en conta o control de calidad da mesma, o contido das mensaxes publicitarias e o axeitamento do tempo da publicidade á programación e ás necesidades dos medios.

ll) Determinar semestralmente a porcentaxe de horas de programación destinadas ós grupos políticos e sociais significativos, fixando os crite-

rios de distribución entre eles, en cumprimento do que se establece no artigo vinte da Constitución.

m) Determinar anualmente a porcentaxe de producción propia que se deberá incluír na programación de cada medio.

n) Coñecer daquelas cuestións que, ainda non sendo da súa competencia, o Director Xeral da Compañía someta á súa consideración.

o) Coñecer periodicamente a xestión presupostaria e emití-lo seu parecer sobre a mesma.

2.— Estes acordos adoptaranse por maioria simple, a non ser os referidos nos apartados b), d), f), g) e ll), que se adoptarán por maioria de dous tercios. Con respecto ó apartado b), se non se acadar a maioria indicada, entenderase que o Consello de Administración abstense de emitir la súa opinión sobre tal nomeamento, dándose por cumplido o trámite. Polo que se refire ó apartado d), será suficiente a maioria absoluta dos membros do Consello de Administración, unha vez que transcorrese un mes sen recaer acordo por maioria cualificada de dous tercios. Polo que toca ó apartado h), e no caso de non se acadar acordo por maioria de dous tercios, o anteproxecto de presupuesto remitirase á Xunta no prazo legal facendo consta-lo sendo de voto de cada un dos membros do Consello de Administración.

Artigo 8

O Consello de Administración designará un

secretario de actas que, sen voz nin voto, terá as funcións que regulamentariamente se lle asignen, sen que poida recaer en persoa que forme parte do devandito Consello.

Sección Terceira. Consello Asesor

Artigo 9

As sociedades da Compañía de Radio-Televisión de Galicia teñen un Consello Asesor, composto polos seguintes membros:

a) Tres vocais de cada empresa, elixidos polos representantes dos traballadores según criterios de proporcionalidade. A representatividade e a proporcionalidade entendense referidas ó grado de implantación das seccións e dos grupos de carácter sindical ou independentes en cada empresa dependente da Compañía.

b) Tres vocais representantes da Administración autonómica, designados pola Xunta de Galicia.

c) Tres vocais, designados un polo Consello da Cultura Galega, un pola Universidade, e outro polos medios de comunicación designado polo Parlamento.

d) Un representante designado por cada unha das Deputacións Provinciais.

e) O Consello Asesor será convocado cando menos semestralmente para cada unha das socie-

dades polo Consello de Administración e emitirá opinión ou dictame cando lle fosen expresamente requeridos por este e, en todo caso, en canto ás competencias que sobre programación corresponde ó Consello de Administración nos términos do artigo 7 desta Lei.

Sección Cuarta. Director Xeral

Artigo 10

1.— O Director Xeral da Compañía será o órgano executivo da entidade pública e terá que ser nomeado pola Xunta, oído o Consello de Administración.

2.— Sen prexúicio das causas de cese establecidas na presente Lei, o seu mandato coincidirá coa lexislatura do Parlamento de Galicia na que foi nomeado. Cando o seu mandato remate coa lexislatura, continuará ó frente do seu cargo ata a designación do novo Director Xeral.

3.— O cargo de Director Xeral estará afectado polas mesmas incompatibilidades cás sinaladas para os membros do Consello de Administración. Tamén se considerará causa de incompatibilidade a vinculación con entidades públicas ou privadas de medios de comunicación.

4.— O Director Xeral asistirá ás reunións do Consello de Administración con voz e voto, pero carecerá deles cando trate de asuntos que o afecten persoalmente.

Artigo 11

Corresponderlle ó Director Xeral:

a) Cumprir e facer cumpri-lo disposto na presente Lei e nas demais normas que regulen a Compañía, así como os acordos do Consello de Administración nas materias que sexan competencia deste órgano colexiado.

b) Someter á aprobación do Consello de Administración coa suficiente antelación, o plan anual de traballo, a Memoria económica anual e os anteproxectos de presupostos da Compañía e das súas sociedades.

c) Impulsar, orientar, coordinar e inspecionar los servicios da Compañía e das súas sociedades e dicta-las disposicións, instruccións e circulares relativas ó funcionamento das competencias do Consello de Administración.

d) Actuar como órgano de contratación da Compañía de Radio-Televisión de Galicia e das súas sociedades.

e) Autoriza-los pagamentos e gastos da entidade e das súas sociedades, sen prexúicio de que as normas que regulen estas disponan a facultade de delegación.

f) Organiza-la dirección e nomear con criterios de profesionalidade ó persoal directivo da Compañía e das súas sociedades, notificando con carácter previo os citados nomeamentos ó Consello de Administración.

g) Ordena-la programación de conformidade cos principios básicos aprobados polo Consello de Administración.

h) Ostenta-la representación da Compañía de Radio-Televisión de Galicia e, en consecuencia, comparecer en xuicio e en toda clase de actuacións, conferindo ó efecto os oportunos apoderamentos.

Artigo 12

1.— A Xunta de Galicia poderá cesar ó Director Xeral, oido o Consello de Administración, mediante resolución motivada, por algunha das seguintes causas:

a) Imposibilidade física ou enfermidade superior na súa duración a seis meses continuos.

b) Incompetencia manifesta ou actuación contraria ós criterios, principios ou obxectivos ós que se refire a presente Lei.

c) Condena por delito doloso.

2.— Así mesmo, a Xunta poderá cesar ó Director Xeral a proposta do Consello de Administración, fundada nalgún dos supostos anteriores e adoptada por maioria de dous tercios.

CAPÍTULO TERCEIRO XESTIÓN

Sección Primeira. Xestión pública

Artigo 13

1.— A xestión dos servicios públicos de Radiodifusión e Televisión no ámbito da Comunidade Autónoma galega correspondente á Compañía de Radio-Televisión de Galicia rexerase polas disposicións da presente Lei e normas complementarias que a desenvolvan e realizarase mediante a adscrición dos servicios comúns que regulamenteiramente se establezan.

2.— Dos recursos e pretensións que se deduzan contra os acordos que dicten os órganos de governo da Compañía coñecerá a xurisdicción que en cada caso corresponda sen necesidade de formular reclamación previa en vía gubernativa.

Sección Segunda. Xestión mercantil

Artigo 14

1.— A xestión dos servicios públicos de Radiodifusión e Televisión levarase a cabo mediante as sociedades públicas con forma de sociedades anónimas que a Compañía de Radio-Televisión de Galicia está facultada para crear. Estas sociedades rexeranse polo dereito privado sen máis excepcións cás establecidas na presente Lei.

2.— O capital das anteriores sociedades será duplicado na súa totalidade, integralmente suscrito pola Comunidade Autónoma de Galicia, pertencerá á Compañía e non poderá ser enaxenado, hipotecado, gravado, peñorado nin cedido en forma onerosa ou gratuita.

3.— Os Directores das sociedades serán nomeados e separados polo Director Xeral da Compañía, previa notificación ó Consello de Administración, e serán os administradores únicos. Os Directores de cada sociedade estarán afetados polas mesmas incompatibilidades que ás previstas para o cargo de Director Xeral nesta Lei.

4.— Os estatutos de cada sociedade deberán sinala-las facultades que en materia de autorización de gasto, ordenación de pagamentos e contratación corresponden ó Administrador único de cada sociedade e as que se reserve o Director Xeral.

5.— A adquisición de emisoras privadas de radiodifusión por parte da Compañía de Radio-Televisión de Galicia quedará condicionada á subrogación na titularidade da concesión administrativa de frecuencia e potencias.

Artigo 15

A Xunta de Galicia, a proposta do Director Xeral e de acordo co Consello de Administración da Compañía, poderá crear sociedades filiais nas áreas de comercialización, producción, comunicación e outras análogas para acadar unha xestión

máis eficaz. Estas sociedades filiais que se crean poderán ser de capital integralmente suscrito e desembolsado pola Comunidade Autónoma e estarán sujetas ó réxime xurídico a que se refire o artigo anterior e concordantes.

CAPÍTULO CUARTO PROGRAMACIÓN E CONTROL

Sección Primeira. Príncipios de programación

Artigo 16

Os principios que han de inspirar la programación dos medios xestionados pola Comunidade Autónoma de Galicia son os seguintes:

a) O respeto á constitución e ó Estatuto de Autonomía de Galicia e a promoción e difusión da Cultura e Lingua Galega, así como a defensa da identidade da nacionalidade galega.

b) O respeto á libertade de expresión, obxectividade, veracidade e imparcialidade das informacións.

c) A separación entre as informacións e opiniões, a identificación de quen sustente estas últimas e a súa libre expresión, cos límites do apartado 4 do artigo 20 da Constitución.

d) O respeto ó pluralismo político, relixioso, social, cultural e lingüístico.

e) O respeto ó honor, á fama, á vida privada das persoas e cantes dereitos e liberdades recoñece a Constitución.

f) A protección da xuventude e da infancia.

g) O respeto ós valores da igualdade recollidos no artigo 14 da Constitución.

Sección Segunda. Dereito de antena

Artigo 17

1.— A ordenación dos espacios de radiodifusión e televisión de Galicia farase de xeito que a eles poidan acceder os grupos políticos e sociais máis significativos. Para tal fin, o Consello de Administración, de acordo co Director Xeral, terá en conta criterios obxectivos, como representación parlamentaria, implantación política, sindical, social, cultural e ámbito territorial de actuación.

2.— O Goberno Galego poderá facer que se emitan, indicando a súa orixe, declaracions e comunicados oficiais necesarios para o interés público. Por razóns de urxencia, apreciadas polo Goberno, estas declaracions e comunicados terán efecto inmediato.

3.— A Xunta de Galicia poderá establecer periodicamente as obrigas que se deriven da natureza do servicio público da Compañía de Radio e Televisión de Galicia e, previa consulta ó Consello de Administración, facelas cumplir.

Sección Terceira. Dereito de rectificación

Artigo 18

O dereito de rectificación e o seu procedemento regularase segundo o previsto nas normas xerais que rexen a materia.

Sección Cuarta. Período electoral

Artigo 19

Durante as campañas electorais aplicarase o réxime especial que establezan as normas electorais, correspondendo a aplicación e o control das mesas á Xunta electoral competente, que cumprirá a súa misión a través do Consello de Administración e do Director Xeral da Compañía.

Sección Quinta. Control parlamentario directo

Artigo 20

Corresponde ó Parlamento de Galicia o control da actuación da Compañía de Radio-Televisión de Galicia e das súas sociedades.

CAPÍTULO QUINTO

PRESUPOSTO E FINANCIACIÓN

Artigo 21

O presuposto da Compañía de Radio-Televisión de Galicia axustarase ó que disponha a Lei de

Xestión Económica e Financeira Pública de Galicia, sen prexúicio das especialidades previstas na presente Lei.

Artigo 22

1.— As sociedades xestoras dos servicios públicos de Radiodifusión e de Televisión terán presupostos separados, que se adxuntarán ós Xerais da Comunidade Autónoma para a súa ulterior aprobación polo Parlamento de Galicia.

2.— As sociedades filiais creadas ó amparo do artigo 15 da presente Lei, estarán suxeitas a igual réxime presupuestario.

3.— Os presupostos a que se refiren os anteriores apartados elaboraranse e xestionaranse con observancia do principio de equilibrio presupuestario.

4.— Sen prexúicio do presupuesto da Compañía e do separado de cada unha das súas sociedades, establecerase un presupuesto consolidado coa finalidade de evitar déficits de caixa e de permitir unha cobertura destes mediante o superávit das entidades e sociedades integradas no presupuesto consolidado.

Por virtude da presente Lei autorizase o réxime de minoración de ingresos sobre o presupuesto da Compañía de Radio-Televisión de Galicia.

Artigo 23

A contabilidade das sociedades a que se refieren os artigos precedentes axustarase ás normas que para as sociedades e entidades de capital público se conteñan na Lei de Xestión Económica e Financeira Pública de Galicia.

Artigo 24

1.— O Director Xeral da Compañía renderá contas periodicamente da xestión someténdose ó control parlamentario a que se refire o artigo 20 da presente Lei.

2.— Nos términos que estableza a Lei reguladora correspondente, o Consello de Contas informará ó Parlamento de Galicia da xestión económica e presupostaria da compañía, das súas sociedades xestoras e das sociedades filiais que no seu caso se creen.

3.— O control financeiro da Compañía e das súas sociedades xestoras e filiais efectuarase, en todo caso, a través de procedementos de auditoría, sen suxección ó sistema de intervención previa.

No demais, aplicaranse as disposicións que regulen a xestión económica e financeira pública de Galicia.

Artigo 25

1.— A Compañía de Radio-Televisión de Galicia finanziarase con cargo ós Presupostos Xerais

da Comunidade Autónoma e mediante os ingresos e rendementos das súas actividades. As sociedades xestoras e as filiais faranlo mediante subvencións consignadas nos Presupostos Xerais da Comunidade Autónoma, mediante a comercialización e venda dos seus productos e, limitadamente, mediante unha participación no mercado da publicidade.

2.— No caso da televisión haberá que estar, ademais, ó sinalado no párrafo terceiro da Disposición Transitoria sexta do Estatuto de Autonomía para Galicia.

CAPÍTULO SEXTO PATRIMONIO

Artigo 26

O patrimonio da Compañía e das Sociedades de capital integralmente da Comunidade Autónoma ás que se refire a presente Lei, terá a consideración de dominio público, como patrimonio afecto ó servicio público correspondente e, polo tanto, gozará na orde tributaria das exencións pertinentes.

A titularidade do patrimonio a que se refire o párrafo anterior atribúese, en todo caso, á Administración autonómica, correspondéndolle á Compañía e ás súas sociedades, en concepto de adscrición de uso, a súa xestión, conservación e adminis-

tración para o cumprimento dos seus fins específicos.

Aplicaranse as disposicións da Lei do Patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia en todo o que se refire ó réxime xurídico dos bens e dereitos patrimoniais ou demaniais que lle sexan cedidos, adscritos ou incorporados ó seu patrimonio independente.

CAPÍTULO SÉTIMO PERSONAL

Artigo 27

1.— As relacóns de carácter laboral na Compañía de Radio-Televisión de Galicia e nas suas sociedades ás que se refire a presente Lei regularanse polo preceptuado na lexislación laboral, con suxección o principio de autonomía das partes.

2.— A pertenencia ó Consello de Administración ou ó Consello Asesor regulados nesta Lei, non dará lugar ó nacemento de dereitos de carácter laboral sobre a Compañía e das súas sociedades.

3.— A situación dos funcionarios que se incorporen á Compañía ou ás súas sociedades reixerase polo que disponan as normas que, sobre a función pública, dicte a Comunidade Autónoma de Galicia, con arreglo ás bases definidas pola lexislación estatal.

4.— O ingreso con carácter fixo na Compañía e nas súas sociedades só poderá facerse mediante as oportunas probas de admisión, establecidas e convocadas polo Director Xeral de acordo co Consello de Administración e con arreglo ós principios básicos definidos pola lexislación estatal.

Disposición Transitoria

Mentres non teña lugar a constitución do Consello Asesor a que se refire a presente Lei, as súas funcións exerceraas o Consello Asesor de Radio e Televisión Española en Galicia.

O Consello de Administración deberá quedar constituído dentro dos 30 días seguintes ó de designación dos seus membros.

En todo o non previsto nesta Lei o Consello de Administración establecerá o seu réxime de funcionamento.

Disposiciones Derradeiras

Primeira

A presente Lei entrará en vigor ó día seguinte da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Segunda

Facúltase á Xunta de Galicia para dicta-las disposicións regulamentarias que se requiren en desenvolvemento da presente Lei, sen prexuício

das facultades regulamentarias autónomas recoñecidas nesta Lei e as instruccións e circulares que a Compañía de Radio-Televisión de Galicia poida dictar para o correcto e coordinado funcionamento das sociedades que agrupe.

Santiago de Compostela, 11 de xullo de 1984.

Gerardo Fernández Albor
Presidente

Anexos

1. Lei do Estado 4/1980, do 10 de xaneiro, do Estatuto da Radio e da Televisión

Boletín Oficial do Estado núm. 11, do 12 de xaneiro de 1980.

—Lei 4/1980, do 10 de xaneiro, de
Estatuto da Radio e a Televisión.

Don Juan Carlos I, Rei de España

A tódolos que a presente viren e entenderen.

Sabede: Que as Cortes Xerais aprobaron e Eu
veño en sanciona-la seguinte Lei:

A necesidade de establecer unhas normas clara-s e precisas con rango de Lei para o funcionamento da radio e a televisión procede da Constitución e do pluralismo político que proclama como valor do ordenamento xurídico. A radiodifusión e a televisión, configuradas como servicio público sencial, a titularidade do cal corresponde ó Estado, concíbese como vehículo esencial de información e participación política dos cidadáns, de formación da opinión pública, de cooperación co sistema educativo, de difusión da cultura española e das súas nacionalidades e rexións, así como medio capital para contribuir a que a liberdade e a igualdade sexan reais e eficaces, con especial atención á protección dos marginados e á non discriminación da muller.

Na elaboración do presente Estatuto partiúse

da Constitución, a experiencia doutros países con sistemas democráticos da mesma orientación e da propia realidade da que se trata a súa regulación.

Desde o punto de vista orgánico, as competencias da radiodifusión e a televisión da que permanece a titularidade estatal, encoméndase ó Ente Público RTVE, a natureza administrativa do cal responde ó principio de descentralización funcional, áinda que se somete a súa xestión ás normas do Dereito privado. Dentro do Ente público establecense, para unha máis eficaz xestión, as Sociedades estatais Radio Nacional de España, Radio Cadea Española e Televisión Española.

Como elementos máis significativos da Lei, cabe salienta-los principios inspiradores das actividades en materia de radiodifusión e televisión que figuran no artigo cuarto, a designación parlamentaria dos membros do Consello de Administración do Ente público RTVE, respecto dos cales adóptanse medidas tendentes a garantiza-la súa profesionalidade e un alto grado de independencia, a distribución de competencias entre o Consello de Administración, órgano de nova creación, e o Director Xeral; a posibilidade de establecer unha canle de televisión de titularidade estatal para o ámbito territorial de cada Comunidade Autónoma e baixo a súa xestión, que se complementa cun significativo grado de participación nos órganos territoriais de RTVE; o acceso ós espacios de radiodifusión e televisión por parte dos grupos sociais e políticos más significativos, a regulación do

derito de rectificación que, por primeira vez, se establece no noso ordenamento xurídico para os medios de comunicación de masas que son obxecto desta Lei; a limitación e control da publicidade, así como a creación, en fin, dunha Comisión parlamentaria do Congreso dos Deputados para exercelo control da actuación das tres Sociedades estatais dependentes do Ente público RTVE.

Desde o punto de vista da organización interna do Ente público e das súas Sociedades, cabe poñer de relevo, por unha parte, que os presupostos e financiación dos mesmos se suxeitan a unhas normas que garantizan un eficaz control e, por outra parte, que o persoal procedente dos Organismos autónomos que se extinguén pasa a integrarse no novo Ente público e as súas Sociedades con respecto dos seus dereitos adquiridos, garantíandoselle unha importante representación nos Consellos asesores, de maneira que a súa voz será oída antes de adoptar decisións que lle afecten.

A finalidade última da Lei é a de crear unha estructura organizativa que, inspirada nos principios que informan a Constitución, sexa suficientemente áxil como para encana-los obxectivos ó principio expresados nunha sociedade que, como toda sociedade moderna, está en permanente transformación.

CAPÍTULO PRIMEIRO

PRINCIPIOS XERAIS E ÁMBITO DE APLICACIÓN

Artigo primeiro

Un. Os medios de comunicación social a que se refire o presente Estatuto son a radiodifusión e a televisión.

Dous. A radiodifusión e a televisión son servicios públicos esenciais, a titularidade dos cales corresponde ó Estado.

Tres. Enténdese por radiodifusión a producción e difusión de sonidos mediante emisiones radioeléctricas a través de ondas ou mediante cables, destinadas mediata ou inmediatamente ó público en xeral ou ben a un sector do mesmo, con fins políticos, relixiosos, culturais, educativos, artísticos, informativos, comerciais, de mero recreo ou publicitarios.

Catro. Enténdese por televisión a producción e transmisión de imaxes e sonidos simultaneamente, a través de ondas ou mediante cables destinados mediata ou inmediatamente ó público en xeral ou a un sector do mesmo, con fins políticos, relixiosos, culturais, educativos, artísticos, informativos, comerciais, de mero recreo ou publicitarios.

Artigo segundo

Un. O presente Estatuto e as súas disposi-

cións complementarias de orden técnica constitúen as normas básicas do réxime dos servicios públicos de radiodifusión e televisión e serán de aplicación xeral en todo o territorio nacional.

Dous. O Goberno poderá conceder ás Comunidades Autónomas, previa autorización por Leis das Cortes Xerais, a xestión directa dunha canle de televisión de titularidade estatal que se cree especificamente para o ámbito territorial de cada Comunidade Autónoma.

Tres. A organización e o control parlamentario da terceira canle rexional prevista no párrafo anterior, así como da radiodifusión e televisión no mesmo ámbito territorial, articularase orgánica e funcionalmente de acordo cos criterios establecidos nos artigos quinto e doce e vinteseis do presente Estatuto, e segundo Lei da Comunidade Autónoma.

Cadro. A atribución de frecuencias e potencias efectuarase polo Goberno previo informe dos servicios técnicos do Ente público Radiotelevisión Española (RTVE), en aplicación dos acordos e convenios internacionais e das resolucións ou directrices dos órganos internacionais ós que España pertence e que vinculen ó Estado español.

Artigo terceiro

O presente Estatuto interpretarase e aplicarase conforme ós criterios de respeto, promoción e defensa dos valores do ordenamento constitucional.

Artigo cuarto

A actividade dos medios de comunicación social do Estado inspirarase nos seguintes principios:

a) A obxectividade, veracidade e imparcialidade das informacións.

b) A separación entre informacións e opiniões, a identificación dos que sustentan estas últimas e a súa libre expresión, cos límites do apartado catro do artigo vinte da Constitución.

c) O respeto ó pluralismo político, relixioso, social, cultural e lingüístico: ..

d) O respeto ó honor, á fama, á vida privada das persoas e a certos dereitos e liberdades recoñece a Constitución.

e) A protección da xuventude e da infancia.

f) O respeto dos valores de igualdade recollidos no artigo catorce da Constitución.

CAPÍTULO II ORGANIZACIÓN

Sección I.— Do Ente Público RTVE

Artigo quinto

Un. As funcións que corresponden ó Estado como titular dos servicios públicos de radiodifu-

sión e televisión exerceránse a través do Ente público RTVE.

Dous. RTVE, como Entidade de Dereito público, con personalidade xurídica propia, estará sometida exclusivamente a este Estatuto e ás súas disposicións complementarias. Nas súas relacións xurídicas externas, nas adquisicións patrimoniais e contratación estará suxeita, sen excepcións, ó Dereito privado.

Tres. As funcións que se atribúen ó Ente público Radiotelevisión Española entenderanse sen prexuício das atribuídas neste Estatuto ó Goberno, ou ás Cortes Xerais e das que en período de campaña electoral desempeñe a Xunta Electoral Central.

Sección II.— Dos Órganos do Ente Público RTVE

Artigo sexto

O Ente público RTVE estructúrase, a efectos do seu funcionamento, administración xeral e alta dirección nos seguintes órganos:

- a) Consello de Administración.
- b) Consellos asesores de Radio Nacional de España (RNE), Radio Cadea Española (RCE) e Televisión Española (TVE).
- c) Director Xeral.

Sección III.— Do Consello de Administración

Artigo sétimo

Un. O Consello de Administración estará composto por doce membros, elixidos para cada Lexislatura, a metade polo Congreso e a metade polo Senado, mediante maioría de dous tercios da Cámara, entre persoas de relevantes méritos profesionais.

Dous. As vacantes que se produzan serán cubertas pola Cámara correspondente de acordo co procedemento establecido no párrafo anterior.

Tres. Os acordos do Consello de Administración adoptaranse por maioría de membros presentes, agás nos supostos en que o presente Estatuto esixa maioría cualificada.

Catro. A condición de membros do Consello de Administración será incompatible con calquera vinculación directa ou indirecta a Empresas publicitarias, de producción de programas filmados, gravados en magnetoscopio ou radiofónicos, casas discográficas ou calquera tipo de Entidades relacionadas co suministro ou dotación de material ou programas a RTVE e ás súas Sociedades. Tamén será incompatible con todo tipo de prestación de servicios ou relación laboral en activo con RTVE e as súas Sociedades.

Cinco. A Presidencia do Consello de Administración será puramente funcional e exercerase

de forma rotativa por meses entre os seus membros.

Seis. Os membros do Consello de Administración cesarán nos seus cargos ó remate da correspondente Lexislatura aínda que seguirán exercendo as súas funcións ata a toma de posesión dos novos Vocais.

Artigo oitavo

Un. Correspondenlle ó Consello da Administración as seguintes competencias:

a) Velor polo cumprimento, na programación, do disposto no capítulo primeiro da presente Lei.

b) Emiti-lo seu parecer sobre o nomeamento do Director Xeral, que para ser afirmativo deberá formalarse por acordo de dous tercios dos seus membros. Se non se acadase a maioría indicada, entenderase que o Consello de Administración se abstén de emitir o seu parecer sobre o nomeamento de Director Xeral, dando por cumplido o trámite.

c) Recibir notificación previa do nomeamento e cese dos Directores de RTVE e das suas Sociedades.

d) Aprobar, a proposta do Director Xeral de RTVE, o plan de actividades do Ente público, fixando os principios básicos e as liñas xerais da

programación, así como o plan de actuación das distintas Sociedades de RTVE.

e) Aproba-la Memoria anual relativa ó desenvolvemento das actividades de RTVE, así como das Sociedades estatais establecidas neste Estatuto.

f) Aprobar, cun carácter definitivo, os cadros de persoal de RTVE e as súas modificacións, así como os das súas Sociedades.

g) Aproba-lo réxime de retribucións do persoal de RTVE e das súas Sociedades.

h) Aproba-lo anteproxecto de presupostos de RTVE e das súas Sociedades.

i) Informa-los proxectos de disposición que se propóna dicta-lo Goberno en materia de publicidade.

j) Dictar normas reguladoras respecto da emisión de publicidade por RTVE, atendidos o control de calidade da mesma, o contido das mensaxes publicitarias e a adecuación do tempo de publicidade á programación e ás necesidades dos medios.

k) Determinar semestralmente a porcentaxe de horas de programación destinadas ós grupos políticos e sociais significativos, fixando os criterios de distribución entre eles en cumprimento do establecido no artigo vinte da Constitución.

l) Coñecer e resolver na forma prevista no apartado dous do artigo vintecinco os conflictos

que poidan plantexarse en relación co dereito de rectificación.

m) Determinar anualmente a porcentaxe de produción propia que deberá incluírse na programación de cada medio.

n) Coñecer daquelas cuestións que, aínda non sendo da súa competencia, o Director Xeral de RTVE someta á súa consideración.

Dous. Os acordos a que se refiren os apartados d), f), g), h) e k) adoptaranse por maioria de dous tercios dos membros do Consello de Administración. Polo que se refire ó apartado d), basta-rá a maioria absoluta dos membros do Consello de Administración unha vez que transcorrese un mes sen recaer acordo por maioria cualificada. Polo que respecta ó apartado h), e no caso de que non se acade acordo por maioria de dous tercios, o anteproxecto de presupostos remitiranse ó Goberno no prazo legal, facendo consta-lo sentido do voto de cada un dos membros do Consello de Administración.

Sección IV.— Dos Consellos Asesores

Artigo noveno

1. Os Consellos Asesores de RNE, RCE e TVE estarán compostos polos seguintes membros:

a) Cinco representantes dos traballadores designados polas seccións das Centrais Sindicais

máis representativas, segundo criterios de proporcionalidade.

b) Cinco representantes designados polo Instituto de España, de acordo co Consello de Administración, entre persoas con relevantes méritos culturais.

c) Cinco representantes da Administración Pública designados polo Goberno.

d) Cinco representantes doutras tantas Entidades autónomas ou preautonómicas, designados por estas na forma en que regulamentariamente se determine e que garantice a presencia sucesiva de todas en cada Consello Asesor.

Dous. O Consello Asesor de cada medio será convocado polo menos semestralmente polo Consello de Administración e emitirá opinión ou dictame cando lle fosen expresamente requiridos polo Consello de Administración e, en todo caso, con respecto ás competencias que sobre programación se atribúen no artigo oitavo ó Consello de Administración.

Sección V.— Do Director Xeral Do Ente Público

Artigo dez

Un. O Director Xeral será nomeado polo Goberno, oído o Consello de Administración.

Dous. O mandato do Director Xeral será de

catro anos, agás disolución anticipada das Cortes Xerais. Neste suposto continuará no seu cargo ata a designación de Director Xeral.

Tres. O Director Xeral será o órgano executivo de RTVE e asistirá con voz e voto ás reunións do seu Consello de Administración, coa soa excepción das cuestións que lle afecten persoalmente.

Catro. O cargo de Director Xeral será incompatible co mandato parlamentario e con calquera vinculación directa ou indirecta a Empresas publicitarias, de producción de programas filmados, gravados en magnetoscopio ou radiofónicos, casas discográficas ou calquera outro tipo de Entidades relacionadas co suministro ou dotación de material ou programas a RTVE e ás súas Sociedades.

Artigo once

Corresponderánlle ó Director Xeral as seguintes atribucións:

a) Cumprir e facer cumpri-las disposicións que rexan o Ente público así como os acordos adoptados polo Consello de Administración nas materias que sexan competencia deste órgano colegiado.

b) Someter á aprobación do Consello de Administración con antelación suficiente o plan anual de traballo e a Memoria económica anual, así como os anteproxectos de presupostos do Ente público e das Sociedades estatais.

c) Impulsar, orientar, coordinar e inspecciona-los servicios de RTVE e das Sociedades estatais e dicta-las disposicións, instruccións e circulares relativas ó funcionamento ou á organización interna das mesmas, sen prexuício todo isto das competencias do Consello de Administración.

d) Actuar como órgano de contratación de RTVE e das súas Sociedades.

e) Autoriza-los pagamentos e gastos de RTVE e das súas Sociedades.

f) Organiza-la dirección e nomear con criterio de profesionalidade ó persoal directivo de RTVE e das súas Sociedades notificando con carácter previo os devanditos nomeamentos ó Consello de Administración de RTVE.

g) A ordenación da programación de conformidade cos principios básicos aprobados polo Consello de Administración.

Artigo doce

Un. O Goberno poderá cesar ó Director xeral, oído o Consello de Administración, mediante resolución motivada por algunha das seguintes causas:

a) Imposibilidade física ou enfermidade superior na súa duración a seis meses continuos.

b) Incompetencia manifesta ou actuación contraria ós criterios, principios ou obxectivos a

que se refiren os artigos terceiro e cuarto deste Estatuto.

c) Condena por delito doloso.

Dous. O Goberno poderá cesar ó Director Xeral a proposta do Consello de Administración adoptada por maioría de dous tercios e fundada nalgunha das causas establecidas neste artigo.

Sección VI.— Da Organización Territorial de RTVE

Artigo trece

RTVE, a través da súa organización territorial, deberá elaborar unha proposta de programación específica de radio e televisión que será emitida no ámbito territorial da nacionalidade ou rexión que corresponda, salvagardando a porcentaxe e distribución das horas establecidas para a programación nacional que o Goberno fixará anualmente a proposta conxunta do Consello de Administración e do Director Xeral de RTVE.

Artigo catorce

Un. En cada Comunidade Autónoma existirá un Delegado territorial de RTVE nomeado polo Director Xeral de RTVE, oído o órgano representativo que con estes fins se constitúa na Comunidade Autónoma. No seu caso, existirá tamén un Director de cada un dos Medios (RNE, RCE e TVE) nomeados polo Director Xeral de RTVE.

Dous. O Delegado territorial estará asistido por un Consello Asesor nomeado polo órgano de governo da Comunidade Autónoma; a súa composición determinarase por Lei territorial. O Consello Asesor estudiará as necesidades e capacidades da Comunidade Autónoma en orde da axeitada descentralización dos servicios de radio e televisión e en especial a Sociedade estatal RCE, e formulará, a través do Delegado territorial, as recomendacións que coide oportunas ó Consello de Administración de RTVE.

Artigo quince

O Delegado territorial, previa audiencia do Consello Asesor da Comunidade Autónoma, elevará ó Director Xeral de RTVE unha proposta anual sobre a programación e o horario de emisión no ámbito territorial correspondente. O Director Xeral de RTVE, xunto co seu informe, sometará a proposta ó Consello de Administración de RTVE.

CAPÍTULO III MODOS DE XESTIÓN

Sección I.— Xextión Pública

Artigo dezaseis

Un. A xestión dos servicios públicos de radio-difusión e televisión que corresponde ó Ente públi-

co RTVE, rexerase polas disposicións deste Estatuto e realizarase mediante a adscrición dos servicios comúns que regularmentariamente se estableza.

Dous. Dos acordos que dicten os órganos de governo do Ente público RTVE e das pretensións que en relación con eles se deduzan coñecerá a xurisdicción que en cada caso corresponda sen necesidade de formula-la reclamación previa en vía gubernativa.

Sección II.— Xestión Mercantil

Artigo dazasete

Un. A xestión do servicio público de radiodifusión realizarase polas seguintes Sociedades estatais:

- Radio Nacional de España (RNE).
- Radio Cadea Española (RCE), que comprenderá as emisoras baixo o indicativa REMCAR e CES.

Dous. A xestión do servicio público de Televisión realizarase por unha Sociedade estatal, que se denominará Televisión Española (TVE).

Artigo dezaoito

O capital das Sociedades a que se refire o artigo anterior será integralmente estatal, pertencerá na súa totalidade ó Ente público RTVE e non po-

derá allearse, hipotecarse, gravarse, peñorarse ou cederse en calquera forma onerosa ou grauita.

Artigo dezanove

Un. As Sociedades estatais, encargadas da xestión dos servicios públicos de Radiodifusión e Televisión, estarán rexidas polo Dereito privado, sen máis excepcións cás recollidas no presente Estatuto.

Dous. Establecerán nos seus Estatutos o cargo de Administrador único, que será o Director do Medio, nomeado e separado polo Director Xeral, previa notificación ó Consello de Administración. Os Directores dos Medios, baixo a supervisión do Director Xeral, serán responsables da programación.

Tres. O cargo de Director dun Medio será incompatible con calquera vinculación directa ou indirecta a Empresas publicitarias de producción de programas filmados, gravados en magnetoscopio ou radiofónicos, casas discográficas ou calquera outro tipo de Entidades relacionadas co suministro ou dotación de material ou programas a RTVE e ás súas Sociedades.

Artigo vinte

Un. O Goberno, a proposta do Director Xeral, e de acordo co Consello de Administración de RTVE, poderá crear Sociedades filiais nas áreas de

comercialización, cable e medios análogos, con obxecto de garantiza-la más eficaz xestión.

Dous. A organización e xestión da rede de difusión acomodarase en todo caso ás esixencias que derivan da supremacía do interéss do Estado na propia rede.

Tres. As Sociedades filiais que se creen serán, en todo caso, de capital integralmente estatal e cos privilexios e prohibicións a que se refiren os artigos anteriores.

CAPÍTULO IV

PROGRAMACIÓN E CONTROL

Sección I.—Directrices de Programación

Artigo vinteún

O Goberno poderá fixar periodicamente as obrigas que se derivan da natureza de servicio público de RTVE e, previa consulta ó Consello de Administración, facelas cumplir.

Artigo vintedous

O Goberno poderá facer que se programen e difundan cantas declaracions ou comunicacions oficiais de interés público coide necesarias, con indicación da sua orixe. Por razóns de urxencia, apreciadas polo propio Goberno, estes comunicados de declaracions terán efecto inmediato.

Sección II.— Períodos e campañas electorais

Artigo vintetres

Durante as campañas electorais aplicarase o réxime especial que prevexan as normas electorais. A súa aplicación e o seu control defireñse á Xunta Electoral Central, que cumplirá o seu cometido a través do Consello de Administración e do Director Xeral.

Sección III.— Pluralismo democrático e acceso ós medios de comunicación

Artigo vintecatro

A disposición de espacios en RCE, RNE e TVE concretarase de modo que accedan a estes medios de comunicación os grupos sociais e políticos más significativos. A tal fin, o Consello de Administración, de acordo co Director Xeral, no exercicio das súas respectivas competencias, terán en conta criterios obxectivos, tales como representación parlamentaria, implantación sindical, ámbito territorial de actuación e outros similares.

Sección IV.— Dereito de rectificación

Artigo vintecinco

Un. Quen sufriese lesión directa e expresa nos seus lexitimos intereses morais, en virtude de datos ou feitos concretos contrarios á verdade e difundidos a través dunha información radiofónica ou te-

levisiva, poderán solicitar por escrito no prazo de sete días desde a difusión da información que sexa transmitida a correspondente rectificación.

Dous. A petición de rectificación, que deberá acompañarse da documentación en que se apoie ou conte-la indicación do lugar en que esta se encontre, dirixirase ó Director do Medio que deba de proceder á súa transmisión.

Tres. A denegación da rectificación por parte do Director do Medio de que se trate poderá ser recorrida no prazo de cinco días a través do Director xeral de RTVE ante o Consello de Administración de RTVE, que resolverá sen que haxa lugar a recurso administrativo ningún.

Catro. A difusión, no seu caso, da rectificación que acorde o Consello de Administración suxitarase ás esixencias que derivan da natureza do medio e ás necesidades obxectivas da programación.

Cinco. Acordada a rectificación deberá ser emitida no prazo non superior a sete días.

Sección V.— Control parlamentario Directo

Artigo vinteseis

Constituirase unha Comisión Parlamentaria do Congreso dos Deputados de conformidade co que dispoña o Regulamento da Cámara. Esta Comisión exercerá o control da actuación de RNE,

RCE e TVE de tal modo que non impida o funcionamento dos medios.

CAPÍTULO V

PRESUPOSTOS E FINANCIACIÓN

Artigo vintesete

O presuposto do Ente público RTVE axustase ó previsto na Lei Xeral Presupostaria, sen prexuício das singularidades previstas neste Estatuto.

Artigo vinteotto

Un. RNE, RCE e TVE terán presupostos separados, que adxuntos ós Presupostos Xerais do Estado serán obxecto de aprobación polas Cortes Xerais.

Dous. As Sociedades filiais a que se refire o artigo vinte do presente Estatuto estarán suxeitas a igual réxime presupuestario.

Artigo vintenove

Un. O presuposto de cada medio e, no seu caso, de cada Sociedade filial, elaborarase e xestionarase baixo o principio de equilibrio presupuestario.

Dous. A contabilidade axustarase ás normas legais aplicables ás Sociedades estatais.

Artigo trinta

Un. Renderanse contas periodicamente da xestión presupostaria ante a Comisión Parlamentaria a que se refire o artigo vinteseis do presente Estatuto.

Dous. Nos términos que estableza a súa Lei orgánica, o Tribunal de Contas informará á Comisión Parlamentaria sobre a xestión económica e presupostaria, tanto do Ente público RTVE coma das Sociedades estatais RNE, RCE e TVE, no seu caso, das Sociedades filiais que se crean.

Artigo trinta e un

Sen prexuício do presuposto do Ente público RTVE e dos presupostos das Sociedades anónimas estatais, establecerase un presupuesto consolidado co fin de evitar déficits de caixa eventuais ou definitivos e de permiti-la súa cobertura mediante o superávit dos Organismos e Entidades integradas neste presupuesto consolidado.

Autorízase, por virtude do presente Estatuto, o réxime de minoración de ingresos respecto do presupuesto do Ente público RTVE.

Artigo trinta e dous

Un. O Ente público RTVE finanziarase con cargo ós Presupostos Xerais do Estado e mediante os ingresos e rendementos das actividades que realice.

Dous. A financiación das Sociedades xestoras dos servicios públicos de Radiodifusión e de TVE realizaranse do seguinte modo.

a) RCE, mediante subvencións consignadas nos Presupostos Xerais do Estado e ingresos comerciais propios.

b) RNE, mediante subvencións consignadas nos Presupostos Xerais do Estado e ingresos comerciais propios.

c) TVE, mediante subvencións consignadas nos Presupostos Xerais do Estado, a comercialización e venda dos seus productos, unha participación limitada no mercado da publicidade e, no seu caso, mediante unha taxa ou canon sobre a tenza de receptores que inicialmente só gravará a dos televisores en cor.

Artigo trinta e tres

O réxime de contratación das Sociedades anónimas estatais suxeitarase en todo caso ó derecho privado, sen excepción en canto ós actos separables e ó réxime de responsabilidade contractual ou aquiliana.

CAPÍTULO VI PATRIMONIO

Artigo trinta e catro

Un. Tanto o patrimonio do Ente público

RTVE, como o das Sociedades de capital integralmente estatal, terán a consideración de dominio público, como patrimonio afecto ó servicio público correspondente e, na súa consecuencia, estarán exentos de toda clase de tributos ou gravames, tanto do Estado ou outros Entes públicos como das Comunidades Autónomas ou outros Entes locais. Non terán valor nin efecto xurídico os pactos mediante os cales se pretenda cambia-lo suxeito pasivo do tributo.

Dous. A parte dos servicios de contabilidade e intervención do Estado na xestión económica, e en particular na contracción dos créditos e na aprobación dos gastos, o Ente público RTVE, así como as Sociedades estatais, suxeitaranse o control do Tribunal de Contas, nos términos que estableza a súa Lei orgánica.

Tres. Sen prexúicio das facultades que corresponden ó Ministerio de Facenda, o Inventario Xeral será controlado polo Ente público RTVE.

CAPÍTULO VII PERSONAL

Artigo trinta e cinco

Un. As relacíons laborais no ente público RTVE e nas Sociedades estatais a que se refire o presente Estatuto rexeranse polo disposto na legislación laboral con suxección ó principio de autonomía das partes.

Dous. A pertenza ó Consello de Administración ou ás Comisións Asesoras non xerará en ningún caso dereitos laborais respecto de RTVE e das súas Sociedades.

Tres. Os funcionarios que se incorporen ó Ente público RTVE ou a calquera das Sociedades estatais farano en situación de destino se pertenezan a Corpos Xerais. Se pertencesen ó Corpo Xeral de Técnicos de Información e Turismo quedrán tamén adscritos en situación de destino e os pertencentes a outros Corpos Especiais, agás os de Intervención e Avogacia do Estado, serano en situación de supernumerarios no Corpo de orixe. Autorízase, a estos efectos, ó Director Xeral de RTVE, sen prexuício das competencias do Consello de Administración; para solicita-la adscrición de destino ou a comisión de servicios dos funcionarios dos Corpos Xerais ou Especiais que coide necesarios para o desenvolvemento das tarefas encomendadas ó Ente público RTVE neste Estatuto.

Catro. O ingreso en situación de fixo en RTVE e nas Sociedades estatais que se crean só poderán realizarse mediante as correspondentes probas de admisión establecidas e convocadas polo Director Xeral de RTVE, de acordo co Consello de Administración.

Artigo trinta e seis

Un. Fomentarse especialmente o desenvolvemento da formación profesional como sistema de promoción nos distintos Medios do Ente público

RTVE, a través do Instituto Oficial de Radio e Televisión.

Dous. O Goberno, a iniciativa propia ou a proposta das Comunidades Autónomas, poderá crear con carácter de filial, e no ámbito territorial daquelas, os correspondentes Institutos Oficiais de Radio e Televisión.

Disposición Adicional Primeira

A xestión do servicio público de radiodifusión realizarase tamén asumindo a situación actual polas Sociedades privadas a quen se conceda ou prorrogue durante os próximos dez anos a devandita xestión nos términos que estableza a legislación vixente e nos acordos internacionais suscritos por España. En todo caso, corresponde ó Goberno a atribución de frecuencias a potencias de conformidade con tales acordos.

Disposición Adicional Segunda

Un. Queda suprimido o actual Organismo autónomo RTVE, quedando sub-rogado o Ente público RTVE, e en cada caso a Sociedade estatal que corresponde no seu patrimonio, créditos activos e pasivos, material, presupostos, subvencións e dotacións.

Dous. Realizarase inventario actualizado de tódolos bens móbiles e inmóbiles integrados no patrimonio de RTVE.

Disposición Adicional Terceira

As Sociedades xestoras dos servicios públicos de Radiodifusión e Televisión poderán emitir obrigas sen as limitacións impostas polo artigo cento once da Lei de Sociedades Anónimas de dezaseis de xullo de mil novecentos cincuenta e un. O réxime destas obrigas regularase segundo o disposto na citada Lei, sen máis excepcións cá anteriormente consignada. A pesar disto, as obrigas que se emitan por estas Sociedades, poderán ser computadas como títulos públicos ós efectos previstos na Lei Presupostaria de catro de xaneiro de mil novecentos setenta e sete, sempre que así o autorice o Goberno por Real Decreto.

Disposición Adicional Cuarta

No que respecta a televisión, RTVE nun principio articulará na forma prevista neste Estatuto a programación específica destinada a cada nación ou rexión de forma complementaria á programación nacional que se emita polas dúas cadeas existentes. Posteriormente, extendida a cobertura técnica de ámbalas cadeas a todo o territorio español, o Goberno, nos términos previstos no artigo segundo do presente Estatuto, autorizará a RTVE a tomar las medidas necesarias para a posta en funcionamiento dunha terceira canle rexional para o ámbito territorial de cada Comunidade Autónoma.

Disposición Adicional Quinta

Unha vez constituídas legalmente, e coas con-

dicións que se determinen, as asociacións de radioóntes e de teleespectadores, dos representantes das mesmas designados ó efecto formarán parte dos Consellos a que se refire o artigo noveno deste Estatuto.

Disposición Adicional Sexta

O Persoal de Radiotelevisión Española e das súas Sociedades que acceda ó Consello de Administración e que, como consecuencia do artigo séptimo, apartado catro, desta Lei tivese que abandona-lo seu posto de traballo, terá garantizada a reserva de praza e computarase a súa antigüedad coma se se tratase de excedencia forzosa ou especial.

Disposición Adicional Sétima

A adscrición administrativa do Ente público RTVE establecerase por Real Decreto.

Disposición Transitoria Primeira

Un. O Consello de Administración, a proposta do Director xeral ou a través deste, dos Directores dos distintos medios, e oídos os Comités de Empresa, realizará a adscrición do persoal actualmente existente en RTVE a calquera das Sociedades estatais. A partir do momento de adscrición, a Sociedades a que se refira queda subrogada a todos los efectos na relación xurídica. Respetaranse, en todo caso, a categoría profesional, a antigüeda-

des e os dereitos económicos adquiridos polo persoal. Así mesmo respetaranse os dereitos sociais recoñecidos actualmente ó persoal do Organismo autónomo RTVE, axeitándoos, en todo caso, á aplicación do presente Estatuto.

Dous. O persoal laboral do Organismo autónomo RTVE, que se adscriba ás Sociedades estatais, no suposto de que algunha delas se extinguise ou procedese á reducción do cadro de persoal integrarase en calquera das Sociedades restantes ou nos Organismos do Ente público RTVE.

Disposición Transitoria Segunda

O réxime de adscrición do actual persoal funcionario que preste os seus servicios no Organismo autónomo RTVE, será regulado por Real Decreto. Sen prexuício diso, a adscrición a un destino realizarase polo Consello de Administración e proposta do Director Xeral do Ente público RTVE.

Disposición Transitoria Terceira

Os funcionarios do Estado adscritos actualmente a Dirección Xeral de Radiodifusión e Televisión, tanto de escala propia do Corpo Especial de Técnicos de Información e Turismo coma dos Corpos Xerais doutros Corpos Especiais, con destino na devandita Dirección Xeral, pasarán ó Ente público RTVE, en situación de activo, conservando a plenitude de dereitos, exercitando a correspondente opción no prazo de tres meses a partir da entrada en vigor do presente Estatuto.

Disposición Transitoria Cuarta

A constitución das novas Sociedades, encargadas da xestión dos servicios públicos de radiodifusión, así como a integración nas mesmas dos Organismos actualmente existentes, será regulada por Real Decreto. En calquera caso, integraranse como servicios comúns adscritos ó Ente público RTVE, e rede de difusión, o Instituto de Radio e Televisión Española e a Orquestra e Coros de RTVE, e cantas concesións de radiodifusión, cun ou outro nome, venzan, no sucesivo, por transcurso do tempo e non sexan prorrogadas ou renovadas polo Goberno. O Organismo autónomo NO-DO quedará extinguido, integrándose a tódolos efectos no Ente público RTVE.

Disposición Transitoria Quinta

Ata tanto se constitúan os órganos do Ente público RTVE e as Sociedades estatais, continuará aplicándose a lexislación actualmente vixente, agás no réxime presupostario e no da adquisición patrimonial e contratación de bens e servicios, ós que será de aplicación o previsto no presente Estatuto. A tal fin, o Goberno queda facultado para dictar las disposicións complementarias precisas.

Disposición Transitoria Sexta

O previsto neste Estatuto con respecto ás Comunidades Autónomas será de aplicación ós Entes preautonómicos con suxección ás esixencias técnicas dos distintos medios.

Disposición Derradeira

Autorízase ó Goberno, previa audiencia do Consello de Estado, a dicta-las disposicións regulamentarias precisas para o desenvolvemento do previsto neste Estatuto, sen prexuício das facultades regulamentarias autónomas recoñecidas no mesmo e das instruccións e circulares que o Ente público RTVE poida dictar para o correcto e coordinado funcionamento das Sociedades estatais.

Por tanto.

Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que garden e fagan gardar esta Lei.

Palacio Real, de Madrid, a dez de xaneiro de mil novecentos oitenta.

Juan Carlos R.

O Presidente do Goberno,
Adolfo Suárez González

2. Lei do Estado 46/1983, do 26 de decembro, reguladora da Terceira Canle de Televisión

Boletín Oficial do Estado núm. 4, do 5 de xaneiro de 1984.

(A Proposición de Lei da Terceira Canle de Televisión. —Boletín Oficial do Parlamento de Galicia núm. 196, do 22 de decembro de 1983, e 201, do 28 de decembro de 1983; Proxecto de Lei. BOPG núm. 146, 27-7-83; Enmendas. BOPG núm. 157, 30-9-83; Informe Ponencia. BOPG. núm. 165, 18-10-83; Dictame Comisión. BOPG núm. 176, 16-11-83; Enmendas e votos particulares. BOPG núm. 176, 16-11-83; Debate Pleno. DS. núm. 57, 9-12-83—non foi tomada en consideración polo Congreso dos Deputados en Sesión Plenaria celebrada o 27 de setembro de 1984).

—Lei 46/1983, do 26 de decembro,
reguladora da Terceira Canle de Te-
levisión.

Juan Carlos I, Rei de España

A tódolos que a presente viren e entenderen.

Sabede: Que as Cortes Xerais aprobaron e Eu
veño en sanciona-la seguinte Lei.

CAPÍTULO PRIMEIRO

PRINCIPIOS XERAIS DA CONCESIÓN

Artigo un

Autorízase ó Goberno para que tome as me-
didas necesarias para a posta en funcionamento
dunha terceira canle de televisión de titularidade
estatal e para outorgala, en réxime de concesión
no ámbito territorial de cada Comunidade Autó-
noma, previa solicitude dos órganos de goberno
destas, e nos términos previstos nos respectivos
Estatutos de Autonomía, no Estatuto da Radio e

a Televisión, nas súas disposicións complementarias de orde técnica e na presente Lei.

Artigo dous

O Estado proporcionará a cada Comunidade Autónoma a infraestructura técnica dunha rede para a difusión da terceira canle.

A tal fin, poñerase en funcionamento a rede de emisións, enlaces e reemisores que garanticen a cobertura do territorio afectado, salvagardando o respeto ás obrigas derivadas dos acordos, convenios internacionais, e resolucións e directrices de órganos institucionais, ós que pertence España.

Artigo tres

O Goberno, no prazo de seis meses desde a entrada en vigor da presente Lei, aprobará un Plan Nacional de cobertura para a terceira canle; o seu ritmo de execución efectuarase en función da data de publicación dos Estatutos das Comunidades Autónomas que o soliciten.

Así mesmo propoñerá ás Cortes Xerais as dotacións presupuestarias que posibiliten a realización das instalacións e explotación a que se refire o párrafo dous do artigo 2.^º da presente Lei.

A rede da terceira canle deberá explotarse de acordo coas necesidades e horarios fixados polo Organismo de xestión da terceira canle de Televisión da Comunidade Autónoma correspondente.

Artigo catro

O Organismo de xestión da terceira canle de cada Comunidade Autónoma virá obrigado a satisfacer, ó vencemento de cada ano, un canon pola utilización da rede; a súa cuantía calcularase de tal forma que absorba os custos de mantemento, explotación e amortización dos equipos e parte proporcional da infraestructura da mesma.

Artigo cinco

A actividade das terceiras canles de televisión reguladas na presente Lei inspirase nos seguintes principios:

- a) A obxectividade, veracidade e imparcialidade das informacóns.
- b) A separación entre informacóns e opinións, a identificación dos que sustenten estas últimas e a súa libre expresión cos límites do apartado cuarto do artigo 20 da Constitución.
- c) O respeto ó pluralismo político, relixioso, social, cultural e lingüístico.
- d) O respeto ó honor, á fama, á vida privada das persoas e a cantes dereitos e liberdades recoñece a Constitución.
- e) A protección da xuventude e da infancia.
- f) O respeto ós valores de igualdade recollidos no artigo 14 da Constitución.

Artigo seis

A concesión da terceira canle faculta á Comunidade Autónoma para a libre fixación do horario de utilización da rede sen máis limitacións cás que se deriven da presente Lei e das normas con rango de Lei que, dentro das súas competencias, poidan establecer as Comunidades Autónomas.

A xestión que se concede non poderá ser transferida, baixo ninguna forma, total ou parcialmente, a terceiros, correspondendo directa e integralmente o desenvolvemento da organización, execución e emisión da terceira canle á Sociedade anónima constituída ó efecto en cada Comunidade Autónoma.

Artigo sete

Con carácter previo á concesión, e sen prexuicio da actividade encomendada ás Comisións Mixtas, a Comunidade Autónoma solicitante regulará mediante Lei a organización e o control parlamentario da terceira canle, de acordo coas previsións da Lei 4/1980.

CAPÍTULO II A XESTIÓN

Artigo oito

A xestión da terceira canle de televisión rexeráse polo disposto no Estatuto da Radio e a Tele-

visión, na presente Lei e demais do Estado e das Comunidades Autónomas que por razón da materia sexan de aplicación.

Artigo nove

A xestión mercantil do servicio público de televisión da terceira canle realizaráse por unha Sociedade anónima.

O capital da Sociedade a que se refire o apartado anterior e das Sociedades filiais que, no seu caso, se constitúan, será público na súa totalidade suscrito integralmente pola Comunidade Autónoma e non poderá allearse, hipotecarse, gravarse, peñorarse ou cederse en calquera forma onerosa ou gratuita. A devandita Sociedade rexeráse polo Dereito privado, sen máis excepcións cás previstas na lexislación vixente.

Aplicarase os cargos directivos dos órganos de goberno e das Sociedades de explotación da terceira canle o mesmo réxime de incompatibilidades que, para RTVE e as súas Sociedades, prevé o artigo 7.^º 4 da Lei 4/1980.

Artigo dez

O exercicio da xestión directa concedido pola presente Lei incluirá a propiedade, financiación e explotación de instalacións de producción de programas, comercialización e venda dos seus produtos e actividades de obtención de recursos median-

te publicidade, así como calquera outra actividade patrimonial.

CAPÍTULO III PROGRAMACIÓN E CONTROL

Artigo once

As normas técnicas de gravación, transmisión e calidade da terceira canle axustaranse ás que se establezan para o territorio español polos Organismos competentes da Administración do Estado en materia de radio e televisión.

Artigo doce

O Ente Público Radiotelevisión Española e cada organismo autónomo creado para a xestión do servicio público da terceira canle, así como estes Organismos autonómicos entre si, poderán establecer convenios sobre conexións das emisións entre as diferentes cadeas e sobre a recepción dos servicios internacionais de noticias e transmisión, así como para o intercambio de programas e servicios.

Igualmente e cos Organismos citados que o desexen, poderán suscibirse convenios de cesión temporal de medios e servicios do Ente Público RTVE, previo acordo con este e tralo establecemento e abono do canon correspondente, que será fixado por acordo entre ámbolos Organismos de televisión.

Artigo trece

O Goberno poderá facer que se difundan cantas declaracíons ou comunicacíons oficiais de interés público coiden necesarias con indicación da súa orixe, as cales expresaranse en castelán e na outra lingua oficial da Comunidade Autónoma correspondente. Por razóns de urxencia apreciadas polo propio Goberno, estes comunicados e declaracíons terán efecto inmediato.

Artigo catorce

Durante as campañas electorais aplicarase o réxime especial que prevexan as normas electorais. A súa aplicación e o seu control defirense á Xunta Electoral que corresponda.

Artigo quince

1. As Sociedades concesionarias da terceira canle non poderán adquirir en exclusiva programas que impidan a súa proxección nun ámbito territorial distinto ó da súa propia Comunidade.

2. Coa finalidade de ordena-la concorrencia entre as distintas Sociedades de xestión do Servicio Público de Televisión na adquisición de programas no exterior, constituirase polo Goberno unha Comisión Coordinadora composta por representantes de tódalas Sociedades concesionarias da terceira canle e o Ente Público RTVE. A devandita Comisión coñecerá as condicíons de adquisición de programas ordenando e resolvendo os possibles

conflictos na forma e cos efectos que regulamente se determinen.

3. Cando exista concorrencia para a adquisición dun mesmo programa entre unha Sociedade concesionaria dunha terceira canle dunha Comunidade Autónoma con lingua propia e o Ente Público RTVE, aquela poderá en calquera caso adquiri-lo mesmo programa para emisión exclusivamente na lingua propia da Comunidade.

Artigo dezaseis

Resérvase ó Ente Público RTVE a prioridade na retransmisión, en directo, das competicións ou acontecementos deportivos de ámbito internacional.

Non obstante, e previo pagamento do canon que se estableza en cada caso, cando o devandito acontecemento tivese un específico interés para unha Comunidade Autónoma ou cando se trate de Comunidade Autónoma con lingua propia, a Sociedade concesionaria da terceira canle poderá retransmiti-lo devandito acontecemento, pero únicamente na lingua propia cando concorra a segunda das circunstancias expresadas.

As Sociedades concesionarias da terceira canle non poderán contratar en exclusiva a retransmisión de acontecementos de interés nacional.

CAPÍTULO IV PRESUPOSTOS E FINANCIACIÓN

Artigo dezasete

O Presuposto da terceira canle axustarase ó previsto na normativa xeral presupostaria, sen prexúicio das singularidades previstas nesta Lei.

A financiación do funcionamento efectivo da terceira canle de Televisión farase mediante subvencións consignadas nos presupostos das Comunidades Autónomas, a comercialización e venda dos seus produtos e a participación no mercado da publicidade.

Artigo dezoito

As sociedades xestoras da terceira canle gozarán do mesmo trato arancelario e fiscal que a legislación vixente outorgue ó Ente Público Radiotelevisión Española.

Disposiciones Adicionais

Primeira.— A emisión e transmisión de sinais da terceira canle de televisión efectuarase a través das ondas, conforme o disposto no artigo 2.º, números 2 e 4, da lei 4/1980, do 10 de xaneiro, quedando reservado en exclusiva a RTVE para todo o territorio español os sistemas de emisión e transmisión mediante cable, satélite ou calquera outro procedemento de difusión destinado mediata ou inmediatamente ó público.

Segunda.— A atribución e asignación de frecuencias, potencias e emprazamentos das instalacións radioeléctricas da terceira canle entenderanse sometidas ás normas que establezan as disposicións nacionais e internacionais que en cada momento poidan obrigar á Administración española e ós sucesivos Plans Técnicos Nacionais de Televisión. Neste sentido, para obte-los más altos rendementos das frecuencias outorgadas ó Estado, o Goberno poderá dispoñela modificación das frecuencias, potencias, emprazamentos e demais características técnicas da terceira canle, sen prexúicio do normal funcionamento da concesión.

Terceira.— Os órganos do Goberno e as Sociedades de xestión da terceira canle de Televisión quedan sometidos ó cumprimento das leis e demás disposicións de protección á industria nacional.

Cuarta.— As cuestións litixiosas que surxan con motivo das concesións da terceira canle, reguladas na presente Lei, resloveránse en vía administrativa, e, no seu caso, na contencioso-administrativa.

Quinta.— Sendo da exclusiva competencia do Goberno español a representación do Estado nos Organismos intergubernamentais internacionais, as Sociedades concesionarias da terceira canle que o soliciten ó Goberno poderán participar nas organizacións profesionais internacionais de Radio e Televisión. A tal efecto, o Goberno regulará por Real Decreto a coordinación de tódolos Organis-

mos de Televisión existentes, en orde á súa participación nas organizacións profesionais internacionais de Radio e Televisión.

Sexta.— Os Gobernos das Comunidades Autónomas solicitarán a concesión da xestión directa da terceira canle de Televisión ante o Goberno, que a concederá mediante Real Decreto, ordenando que se desenvolvan as accións necesarias para a posta en funcionamento do mesmo. O Real Decreto de concesión axustarase ás disposicións desta Lei, e ás previsións, que, no seu caso, establecen os respectivos Estatutos de Autonomía.

Disposición Transitoria

Cumpridos os requisitos fixados no artigo 3.^º e na disposición adicional sexta, constituírase unha Comisión Mixta, composta por catro membros do Ente Público de Radiotelevisión Española e outros catro da correspondente Sociedade xestora da terceira canle. A devandita Comisión Mixta terá como funcións a de fixalos ritmos de establecemento de cada rede, así como resolver cantes problemas técnicos relacionados coa xestión directa, pública ou mercantil da terceira canle se susciten nos términos da presente Lei.

Disposición Derradeira

Queda autorizado o Goberno a dicta-las disposicións regulamentariamente precisas para o de-

servormento, dentro das suas competencias, se previsto nesta Lei.

Por tanto,

Mando a tó dolos españois, particulares e autoridades, que garden a fagan gardar esta Lei.

Palacio da Zarzuela, Madrid a 28 de decembro de 1983.

Juan Carlos R.

O Presidente do Goberno,
Felipe González Márquez

3. Acordo da Mesa e da Xunta de Portavoces do Parlamento, do 22 de novembro de 1984, e da Deputación Permanente, do 22 de xaneiro de 1985, sobre os criterios para ordena-la elección dos membros do Consello de Administración da Compañía de Radio-Televisión de Galicia.

3. Acordo da Mesa e da Xunta de Portavoces do Parlamento, do 22 de novembro de 1984, e da Deputación Permanente, do 22 de xaneiro de 1985, sobre os criterios para ordena-la elección dos membros do Consello de Administración da Compañía de Radio-Televisión de Galicia. (*)

I.— Presentación de candidaturas

Cada Grupo Parlamentario poderá propor ata un máximo de 12 candidatos que deberán reunir-las condicións de idoneidade, preceptuadas nos apartados 1.^º e 4.^º, do artigo 4.^º, da Lei 9/84, do 11 de xullo.

A presentación de candidaturas farase por escrito, dirixido á Mesa do Parlamento e asinado polo Portavoz do Grupo Parlamentario. O prazo de presentación no Rexistro da Cámara remata as 14 horas do día 24 de xaneiro de 1985.

Rematado o prazo de presentación, elaborarase unha lista única pechada, na que figurarán por orde alfabética os nomes dos candidatos e os Grupos Parlamentarios que os propuxesen. Desta

(*) BOPG Núm. 370, do 23-1-85.

lista darase traslado ós Portavoces dos Grupos Parlamentarios, como mínimo seis horas antes da celebración da votación.

II.— Debate

Cada Grupo Parlamentario poderá intervir para defende-la súa candidatura polo tempo máximo de cinco minutos.

III.— Votación

A votación, de conformidade co establecido nos apartados 1.2.^º e 2 do artigo 91 do Regulamento, será secreta mediante papeletas. Cada Deputado emitirá o seu voto marcando cun signo distintivo o nome do candidato ou candidatos elixidos ata un máximo de 12 nomes e depositará, logo de chamamento nominativo, a súa papeleta na urna preparada ó efecto.

Consideraranse nulas as papeletas nas que figuren marcados máis de 12 nomes, e, en branco, aquelas nas que non figure ningún nome sinalado.

IV.— Escrutinio e elección

A Mesa efectuará o escrutinio e proclamará elixidos a aqueles candidatos que obteñan o maior número de votos, sempre que este equivalga ós 2/3 dos membros da Cámara, ou sexa, 47 votos.

Os candidatos que non teñan os 47 votos necesarios, someteranse a unha elección logo da in-

clusión do asunto na Orde do Día dun próximo pleno.

O que se publica para xeral coñecemento, de conformidade co disposto nos artigos 65 e concordantes do Regulamento do Parlamento.

Santiago de Compostela, 22 de xaneiro de 1985.

O Presidente
Antonio Rosón Pérez

A Mesa, en reunión celebrada o día 19 de setembro de 1986, procedeu a adaptación do referido Acordo para o caso da elección dos membros do Consello de Administración da Compañía de Radio-Televisión de Galicia, para a II Lexislatura, introducindo as seguintes modificacións:

—O apartado 1.^º, relativo á presentación de candidaturas, mantense coa única modificación, respecto á hora de presentación das propostas: 19,30 h. do día 10 de outubro.

—O apartado 2.^º, debates, supímese.

En canto á votación, que se realice de conformidade co disposto no artigo 91 do Regulamento, sen prexuício de considerar aspectos puntuais en relación coa forma de elección.

Mantense o apartado 4.^º, de escrutinio e elección, modificando o segundo párrafo no senso de que, caso de que os candidatos non obteñan os votos precisos, celebrarase na mesma Sesión Plenaria unha segunda votación, e, de repetirse o suposto, incluiríase o tema nunha próxima Sesión.

4. Acordo da Mesa do Parlamento, do 4 de setembro de 1986, sobre normas de funcionamento da Comisión de Control da Cía. de RTVG e das suas Sociedades

4. Acordo da Mesa do Parlamento, do 4 de setembro de 1986, sobre normas de funcionamento da Comisión de Control da Cía. de RTVG e das suas Sociedades (*)

De conformidade co disposto no artigo 20 da Lei 9/84, do 11 de xullo, corresponde ó Parlamento de Galicia o control da actuación da Cía. RTVG e das súas Sociedades.

Para instrumenta-lo seu exercicio, é preciso asigna-la competencia a un órgano parlamentario específico e regula-lo seu funcionamento.

A consecución do primeiro obxectivo acadouse o 21 de xaneiro de 1986 coa constitución dunha Comisión Permanente non Lexislativa de control da Cía. de RTVG e das súas Sociedades.

Para satisface-lo segundo, a Mesa considera oportuno facer uso das facultades previstas no artigo 30.1-1.^º do Regulamento. Na súa virtude e en Sesión celebrada o día 14 de xullo prestou a súa aprobación ás seguintes:

(*) BOPG Núm. 43, do 8-9-86.

Normas de funcionamento da Comisión de Control da Cia. de RTVG e das súas Sociedades

I. Solicitude de información e documentación.

Primeira.— Os Deputados poderán recabar do Presidente do Consello de Administración e do Director Xeral os datos, informes ou documentos que obren no seu poder, axustándose ó previsto no artigo 9 do Regulamento da Cámara.

Segunda: A Comisión poderá pedi-la información e documentación que necesite da Compañía e das súas Sociedades ou requiri-la presencia do Presidente do Consello, Director Xeral ou outras persoas vincelladas ás mesmas, de conformidade co disposto no artigo 44 do Regulamento e nos termos establecidos no acordo interpretativo da Mesa do 11 de abril de 1986 (B.O.P.G. n.º 20, do 24-4-86).

II. Sesións informativas.

Terceira: O Presidente do Consello de Administración ou o Director Xeral da Compañía, a petición propia ou a iniciativa da Comisión, comparecerán ante esta para celebrar Sesións informativas.

O Presidente do Consello de Administración, previa comunicación motivada, poderá delega-la súa comparecencia nun membro do mesmo, e o Director Xeral en calquera dos Directores Xerais de TVG ou Radiodifusión.

Cuarta: A iniciativa de comparecencia e o desenvolvemento da Sesión axustarase ó previsto no artigo 143 do Regulamento coas determinacións establecidas no acordo interpretativo da Mesa do 11 de abril de 1986.

III Preguntas.

Quinta: Os Deputados poderán formular Preguntas orais en Comisión e escritas ó Presidente do Consello e ó Director Xeral sobre materias das súas respectivas competencias tal como se define na Lei 9/84, do 11 de agosto.

Sexta: As Preguntas calificadas como de resposta oral en Comisión tramitaranse conforme ó previsto no artigo 156 do Regulamento.

Sétima: As Preguntas con resposta escrita rexeranse polo disposto no artigo 157 do Regulamento.

Santiago de Compostela, 4 de setembro de 1986.

O Presidente
Tomás Pérez Vidal

Indice Analítico

A

ÁMBITO DE APLICACIÓN DA LEI

§ 1 1
§ 2 1

C

CAMPAÑAS ELECTORAIS § 2 1.2/19

COMISIÓN DO PARLAMENTO
DE GALICIA § 2 E.M./Anexo 4

COMPAÑÍA DE RADIO-
TELÉVISIÓN DE GALICIA
—Ámbito, carácter e funcións
—Control

—Personalidade xurídica e
capacidade § 2 2
§ 2 3/Anexo 3

—Órganos § 2 26
—Patrimonio § 2 27
—Pessoal

—Presuposto e financiación § 2 21-25
—Xestión pública e mercantil § 2 13/14

COMUNIDADE AUTÓNOMA § 1 E.M.
§ 2 E.M./1

CONSELLO ASESOR DA
COMPAÑÍA DE RADIO-
TELÉVISIÓN DE GALICIA

—Composición, convocatoria e
funcións § 2 9/D.T.

CONSELLO ASESOR DE RCE § 1 2

CONSELLO ASESOR DE RNE § 1 2.

CONSELLO ASESOR DE RTVE
EN GALICIA

—Actas	§ 1 11
—Composición	§ 1 8
—Convocatoria	§ 1 10
—Domicilio	§ 1 10
—Elección do Presidente, Secretario e Vicepresidente	§ 1 9
—Empates	§ 1 11.2
—Financiación	§ 1 7/13
—Funcións	§ 1 2/3/4/5/6
—Maiorías	§ 1 9/10.2/11
—Membros	§ 1 8
—Memoria	§ 1 6
—Presidente	§ 1 10/9.1 e 2/11/5
—Regulamento	§ 1 D.T. 2
—Secretario	§ 1 9.3/11.1
—Vicepresidente	§ 1 9

CONSELLO ASESOR DE TVE § 1 2

CONSELLO DE
ADMINISTRACIÓN DA
COMPAÑÍA DE RADIO-
TELEVISIÓN DE GALICIA

—Carácter	§ 2 3
—Competencias	§ 2 7/9/15/17.3/12
—Composición	§ 2 4/Anexo 3
—Constitución, acordos e orde do dia	§ 2 6/7.2/D.T.
—Presidencia	§ 2 5/Anexo 4
—Secretario	§ 2 8

CONSELLO DE
ADMINISTRACIÓN DE RTVE § 1 2 c)

CONTROL PARLAMENTARIO

—Da compañía de Radio- Televisión de Galicia	§ 2 20/Anexo 4
---	----------------

DELEGADO TERRITORIAL
DE RTVE EN GALICIA

—Dereitos	§ 1 10.1/12/6.2
—Funcións, facultades e obrigas	§ 1 1
—Nomeamento	§ 1 1

DEREITO DE ANTENA § 2 17

DEREITO DE
RECTIFICACIÓN § 2 18

DEREITO PRIVADO § 2 2

DEREITO PROPIO DE
GALICIA § 2 2
DIARIO OFICIAL DE
GALICIA § 2. D. Derradeira 1.^a

DIRECTOR XERAL DA
COMPAÑÍA DE RADIO-
TELEVISIÓN DE GALICIA

—Carácter	§ 2 10
—Competencias	§ 2 11/14/15/19/24/27/ Anexo 4
—Nomeamento, cese, mandato e incompatibilidades	§ 2 10/12

DIRECTORES DAS
SOCIEDADES DA COMPAÑÍA
DE RADIO-TELEVISIÓN DE
GALICIA § 2 14.3

E

ESTATUTO DE AUTONOMÍA
DE GALICIA

§ 1 E.M./1
§ 2 E.M./25

ESTATUTO DA RADIO E A
TELEVISIÓN

§ 1 E.M./1/2/3
§ 2 E.M.
Anexo 1

F

FINANCIACIÓN

—Da Compañía de Radio-
Televisión de Galicia

§ 2 21-25

G

GOBIERNO DE GALICIA
(VID. XUNTA DE GALICIA)

L

LEI DE XESTIÓN
ECONÓMICA E FINANCEIRA
PÚBLICA DE GALICIA

§ 2 21/23/24

LEI DO ESTADO
REGULADORA DA
TERCEIRA CANLE DE
TELEVISIÓN

§ Anexo 2

LEI DO PATRIMONIO DA
COMUNIDADE AUTÓNOMA
DE GALICIA

§ 2 26

LEXISLACIÓN ESTATAL
SOBRE FUNCIONARIOS

§ 2 27/18

LEXISLACIÓN LABORAL

§ 2 27.1

M
MEMORIA PRESUPOSTARIA
RTVE EN GALICIA

§ 1 2

MEMORIA SOCIEDADES
RTVE EN GALICIA

§ 1 2

P

PARLAMENTO DE GALICIA
Consello Asesor de RTVE en
Galicia:

- Apreciación
incompatibilidades membros
do Consello Asesor
- Designación membros do
Consello
- Destinatario da Memoria do
Consello

§ 1 8

§ 1 8

§ 1 6

Compañía de Radio-Televisión de
Galicia:

- Control parlamentario da
Compañía
- Control da xestión
económica e presupostaria
- Designación vocal Consello
Asesor
- Elección membros Consello
de Administración

§ 2 20/Anexo 4

§ 2 24.2

§ 2 9c

§ 2 4/Anexo 3

PATRIMONIO

—Da Compañía de Radio-
Televisión de Galicia

§ 2 26

PERSOAL

—Da Compañía de Radio-
Televisión de Galicia

§ 2 27

—De RTVE en Galicia

§ 1 3

PRESIDENCIA DO CONSELLO
DE ADMINISTRACIÓN DA
COMPAÑÍA DE RADIO-
TELEVISIÓN DE GALICIA

§ 2 5

PRESUPUESTO

- Da Compañía de Radio-
Televisión de Galicia § 2 21-25
- Da Comunidad Autónoma
de Galicia § 1 7
- De RTVE en Galicia § 2 25
- Do Consello Asesor de RTVE
en Galicia § 1 2
- Do Ente público de RTVE § 1 7/13
- Do Ente público de RTVE § 1 7.1

PROGRAMACIÓN

- De RTVE § 1 2/E.M.
- Da Compañía de Radio-
Televisión de Galicia § 2 16

R

RECURSOS

- Contra os acordos dos
órganos de governo da
Compañía de Radio-
Televisión de Galicia § 2 13.2
- RCE § 1 2 b), d) e h)
- RNE § 1 2 h)

S

SECRETARIO DO CONSELLO
DE ADMINISTRACIÓN DA
COMPAÑÍA DE RADIO-
TELEVISIÓN DE GALICIA

§ 2 8

SEGUNDO CASO DE
TELEVISIÓN

§ I E.M.

SOCIEDADES DA COMPAÑÍA
DE RADIO-TELEVISIÓN DE
GALICIA

- Sociedades Xestoras § 2 14/9/25/24/26/27
- Sociedades Filiais § 2 15/9/25/24/26/27

SUBVENCIÓNS

- Ás Sociedades da Compañía
de Radio-Televisión de
Galicia § 2 25

V

VOCAIS DO CONSELLO
ASESOR DA COMPAÑÍA DE
RADIO-TELEVISIÓN DE
GALICIA

§ 2 9

X

XESTIÓN DA COMPAÑÍA DE
RADIO-TELEVISIÓN DE
GALICIA

§ 2 14/15

XUNTA DE GALICIA

- Compañía de Radio-
Televisión de Galicia
 - Crea Sociedades filiales dá
Compañía § 2 15
 - Designa 3 vocais do
Consello Asesor § 2 9 b)
 - Dicta disposicións
regulamentarias para o
UNDECIMA.- TVG, S.A. comprométese a non ceder, traspasar nin vender a ningún outro medio ou entidade os servicios obxecto desde contrato, e a non dar ós mesmos un uso diferente do que se conven na Cláusula Primeira. O incumprimento desta cláusula outorgaría a "EL PROGRESO" o dereito de da-lo contrato por resolto, reservándose o dereito a exercer cantas accións legais poidan corresponderlle.-----

DUODECIMA.- Independentemente dos servicios das cláusulas que anteceden, "EL PROGRESO" comprométese a servir a TVG, S.A., cantas producións ou reportaxes solicite, sempre que elo sexa posible. As peticións destas producións ou outros servicios especiais deberán facerse nas oficinas centrais de "EL PROGRESO", e serán tarifadas ós precios previamente convidos polas partes.-----

Ditos servicios especiais serán abonados independentemente da cuota establecida polo servicio, por mensualidades vencidas e dentro do mes seguinte ó que corresponda contra factura e recibo que lle presentará "EL PROGRESO" polo total das mesmas.-----

"EL PROGRESO" poderá incorporar a tódolos servicios por ela suministrados, o seu logotipo, indicativo da súa procedencia, ó comienzo da grabación.-----

DECIMOTERCEIRA.- De acordo coa normativa vixente, TVG, S.A. comprométese igualmente a non introducir cambios sustanciais nos tex-



Televisión de Galicia

tos dos servicios obxecto deste contrato e a citar como fonte das noticias ou informacions o nome de "EL PROGRESO".-----

DECIMOCUARTA.- Se TVG, S.A. deixase de abonar a "EL PROGRESO" nas datas previstas o precio convido durante tres mensualidades consecutivas, "EL PROGRESO" poderia dar por resolto o contrato e reclamar, en concepto de danos, o importe das mensualidades non vencidas que faltén ata o seu remate, ademais do importe das mensualidades venoidas e non pagadas.-----

Se "EL PROGRESO" incumpre reiteradamente os servicios obxecto deste contrato, TVG, S.A. poderá dar por resolto este contrato e reclamar en concepto de danos o importe das mensualidades non vencidas que falten ata súa finalización contándose o tempo dende a data do primeiro incumprimento.-----

DECIMOQUINTA.- "EL PROGRESO" declina toda responsabilidade do servicios como resultado de folgas, perturbacions nas comunicacions e outras causas alleas a mesma, sen que ditas interrupcions poidan ser motivo de resolución do contrato por parte de TVG, S.A. O pago dos servicios que deixen de recibirse polas causas antes reseñadas serán obxecto de previo acordo de ámbalas dúas partes.-----

DECIMOSEXTA.- "EL PROGRESO" responderá, en todo caso, ante TVG, S.A. da veracidade dos servicios informativos obxecto deste contrato.-----

DECIMOSEPTIMA.- Con renuncia expresa do seu propio fuero, as partes cométense para cantas cuestiós puideran derivarse da interpretación e cumprimento das cláusulas deste contrato, á Xurisdiccción e competencia dos Xulgados e Tribunais da Santiago.-----




Televisión de Galicia

Lido por ambas partes, afírmanse e ratificanxe no seu contido e,
en proba de conformidade, firmano por duplicado e a un só efecto
no lugar e data. "ut supra".-----

POR TVG, S.A.

A handwritten signature in black ink, appearing to read 'Julio Cesar' or similar, written over a horizontal line.

POR "EL PROGRESO"

A handwritten signature in black ink, appearing to read 'Roldán' or similar, written over a horizontal line.

En Santiago de Compostela e no Centro Emisor de Televisión de Galicia a vintedous de marzo mil novecentos oitenta e seis.

R E U N I O S

Dunha banda, Televisión de Galicia, S.A. con domicilio en Santiago de Compostela, Centro Emisor de Bando San Marcos, constituída en escritura pública na data 18 de abril de 1985, outorgada ante o Notario de Santiago, D. José Antonio Montero Pardo, baixo o número 178 do seu protocolo, con C.I.F. A-15073349, inscrita no Rexistrio Mercantil de A Coruña ó Libro 224, tomo 425, folio 75, folla 2433, inscripción 1^a, representada polo seu Director Xerente, D. Xosé Luis Blanco Campaña, en virtude das facultades que lle confire a letra n) do artigo 10 dos estatutos da sociedade; nomeamento que consta inscrito no mesmo folio rexistral como inscripción 2^a.

Doutra banda, a Empresa "El Prgreso de Lugo, S.L.", editora do xornal EL PROGRESO, con domicilio social en Lugo, rúa Progreso, nº 12 sociedade inscrita no Rexistrio Mercantil de Lugo, ó Tomo 19 general, Libro 2º, Sección Limitada, Folio 246 folla 340, Inscripción 1^a, representada neste acto polo seu Presidente D.º Purificación de Cora Paradela, en virtude das atribucións que lle confire o/a delegación de gacultades inscrito no mesmo folio rexistral, inscripción 7^a.

Ambalas dousas partes reconócense capacidade legal suficiente para celebra-lo presente contrato e pretendendo realizar cada unha das entidades unha campaña de publicidade no medio de titularidade da outra parte, acordan celebra-lo presente contrato que se rexerá polas seguintes

C L A U S U L A S

PRIMEIRA.- A sociedade El Progreso de Lugo, S.L. anuncia-
rá no medio audiovisual Televisión de Galicia o seu xornal El
Progreso, baixo as condicións xerais de contratación e emi-
sión de publicidade que rexen os espacios publicitarios de Televisión
de Galicia.

SEGUNDA.- A Televisión de Galicia, S.A. realizará no xornal
El Progreso editado por El Progreso de Lugo, S.L.
publicación de anuncios de temática relativa a Televisión de Galicia,
baixo as condicións da publicidade na prensa diaria.

TERCEIRA.- A Televisión de Galicia e a Sociedade El Progreso
de Lugo, S.L. cédense espacios publicitarios nos seus
respectivos medios "Televisión de Galicia" e o xornal El Progreso
para a difusión de publicidade do outro medio, sen
que directa nin indirectamente os contratantes poidan usa-lo espacio
para anunciar outro producto, marca ou empresa.

CUARTA.- O valor total da cesión dos espacios en cada un dos
medios é de DOUS MILLONS DE PESETAS (2.000.000 pts.),
podendo librar cada un dos anunciantes ordes publicitarias ata ese va-
lor na forma que teña por máis convinte, podendo ordena-la publicación
e difusión dos anuncios en calquera tempo ata a data 31 de decembro
de 1986, sen máis limitación cas establecidas en forma xeral para a
publicidade en cada un dos medios e entendéndose contratada a publici-
dade segundo os precios de tarifa de xeral aplicación en cada un dos
medios que se incorporan como anexo a este contrato, e que rexerá du-
rante toda a súa vixencia.



QUINTA.- O término do contrato na data sinalada extinguese o dereito de cada parte a libra-las ordes publicitarias obxecto do mesmo, sen que ningunha das partes poida reclamar da outra compensación algúns polas diferencias que puidesen resultar do valor dos anuncios difundidos por cada parte no outro medio publicitario.

SEXTA.- Será de conta de cada parte a elaboración e o pago do anuncio obxecto da orde, e poderán ocupálos espacios contratados cos diferentes anuncios ou campañas que teñan por convintes sendo pois as únicas limitacións as anteriormente sinaladas.

SEPTIMA.- A efectos de liquidación do imposto sobre o valor engadido cada parte xirará á outra sobre o importe dos espacios efectivamente utilizados en cada mes, especificando que o custe do espacio é compensado á conta deste contrato, e xirando sobre dito valor real a cuota tributaria correspondente, especificando o tipo aplicable a efectos de imposto.

OITAVA.- As partes acordan que o presente contrato produza os seus efectos desde o día primeiro deste mes, regulándose polo réxime nel especificado tódolos anuncios difundidos desde ese mesmo día.

NOVENA.- As partes con renuncia expresa a calquera outro fuero que puidese corresponderlle sométense expresamente á xurisdicción dos Tribunais de Santiago de Compostela para a resolución de calquera diverxencia que puiése haber na interpretación ou execución do presente contrato.

E para que así conste e en proba de conformidade das partes firman o presente contrato no lugar e data ó comezo indicados.

POLÁ EDITORA
ex.
Diario de Lugo
AsdG: Xo. Luis Blanco Campaña

POLA EDI. S.A.
Lugo
AsdG: Xo. Luis Blanco Campaña

En Santiago de Compostela, a cinco de Outubro
de mil novecentos oitenta e sete.

R E U N I O S

Dunha banda, Televisión de Galicia, S.A., de aquí en diante "O ARRENDATARIO", con enderezo social no Centro de Emisións e Producción de Bando-San Marcos, Santiago de Compostela, constituida en escritura pública outorgada perante o Notario de Santiago de Compostela, D. José Antonio Montero Pardo, o día dezaoito de Abril de mil novecentos oitenta e cinco e inscrita no Rexistro Mercantil de A Coruña ó libro 224, tomo 425, folio 75, folla 2.433, C.I.F. nº A 15073349, representada neste acto por Don Abilio Bernaldo de Quirós y Salvador, na súa calidade de Director Xeral da Compañía de Radio-Televisión de Galicia, en virtude das facultades representativas que resultan dos Estatutos polos que se rexe dita Sociedade Anónima, no seu artigo dez, letra "n".

Doutra banda, a Empresa "Galaxia Comunicación, S.A.", con enderezo social en Santiago de Compostela, Praza de Vigo, nº 2 baixo, Sociedade inscrita no Rexistro Mercantil de A Coruña ó tomo 506 do arquivo, libro 274 da Sección 3ª de Sociedades, folio 90, folla 2.969, inscripción 1ª, representada neste acto polo seu Conselleiro Delegado, Don Ghaleb Jaber Ibrahim, en virtude das atribucións que lle confire o Consello de Administración inscrito no mesmo folio rexistral, inscripción de oito de Xullo de mil novecentos oitenta e scis, de aquí en diante "O ARRENDADOR".

D. Ghaleb Jaber Ibrahim declara expresamente e responsabilízase de que a "EMPRESA" que representa conta coa capacidade legal en dereito necesaria e que non está incursa en ningunha das prohibicións e incompatibilidades expresadas na lexislación vixente para realiza-lo presente contrato. Igualmente, manifesta que ningún directivo ou personal fixo da Compañía de Radio-Televisión de Galicia e as súas Sociedades é socio nin administrador, nin directa nin indirectamente, nin forma

PARA PRODUCCION

parte da plantilla da "EMPRESA" nin mantén con ela ningunha clase de dependencia ou relación laboral, comercial ou asesoramento técnico durante o prazo de vixencia do presente contrato.

Ambalas dúas partes reconécense a capacidade legal suficiente para celebrar o presente contrato, que se rexerá con arreglo ás seguintes

CLÁUSULAS:

1º.- OBXECTO DO CONTRATO

O ARRENDADOR dá en arrendamento a TVG, S.A. un plató que ocupa a parte dianteira dunha nave industrial da súa propiedade, ubicada no lugar de Ribeira-Cacheiras-Teo, que TVG, S.A. toma en arrendo para destinalo a gravación de programas de televisión e outros usos accesorios conforme ó establecido na memoria descriptiva que se adxunta a este contrato.

O plató obxecto de arrendamento ten unha superficie aproximada de dous mil douscentos vintecinco m² na pranta baixa e trescientos vintecinco m² na pranta alta; dos que mil m², aproximadamente, son aptos para a utilización de gravacións de televisión en plató.

2º.- ADECUACIÓN DO PLATÓ

O fin de dotar dita superficie coas instalacións mínimas necesarias para poder ser utilizado como plató de gravación de programas de televisión, o arrendador comprométese a realizar previamente á entrada en vigor deste contrato, e pola súa conta as melloras e adecuacións da infraestructura do local que se sinalan nos proxectos que se adxuntan ó contrato relativos a:

- a) Instalación eléctrica
- b) Aire acondicionado
- c) Centro de transformación
- d) Rede de incendios
- e) Iluminación en parrilla de teito de plató

Así mesmo coa instalación fixa de caixa de plató e as condicións do chan, sen rugosidade algúnhha e do aillamento e acondicionamento acústico han de cumpli-las normas vixentes para este tipo de instalacións.-----

Así mesmo o plató estará dotado de liña de comunicación telefónica interior e exterior con capacidade suficiente para cubri-las necesidades propias dun plató de televisión.-----

Como servicios complementarios do plató e en zona próxima a él, o arrendador nas mesmas condicións comprométese a realizar segundo o cuadro de superficie da memoria e os planos, as salas de maquillaxe, peluquería, duchas e camarins, en forma suficiente para satisface-las necesidades dun plató de mil metros cuadrados.-----

3º.- DESLINDE DO PLATÓ ARRENDADO

Así mesmo, e a fin de dotar de paso, independente, á parte traseira da nave onde está ubicado o plató obxecto de arrendamento, que o arrendador se reserva para si, éste construirá un tabique divisorio con acabado polo lugar que se sinala no plano adxunto e igualmente cerrará con tabiqueira e acabado, dotándoo de portas para destino de almacén de decorados e outros espacios útiles, os espacios que se sinalan no plano adxunto coas superficies especificadas na memoria descriptivas do local anexa a este contrato.-----

4º.- HOMOLOGACIÓN DA ADECUACIÓN DO PLATÓ

As obras, melloras e adecuación da infraestructura antes sinaladas realizaranse antes da entrada en vigor deste contrato, e deberán executarse en forma adecuada para satisface-las necesidades do proceso de gravación de programas de televisión, polo que unha vez realizadas terán que reunir-las condicións xerais dos platós de televisión das empresas públicas españolas de televisión e cumplir-las normas de Industria e de Seguridade e hixiene no traballo que esixa a lexislación española.-----

O arrendatario recepcionará de conformidade o plató mediante os seus servicios técnicos, sendo o informe favorable de éstos requisito de eficacia deste contrato.

5º.- INICIO DA VIXENCIA DO CONTRATO

O presente contrato entrará en vigor, de cumprirse as condicións sinaladas na cláusula anterior, o día un de xaneiro de mil novecentos oitenta e oito. De non cumprirse as condicións establecidas anteriormente, o presente contrato non entrará en vigor, a non ser que o ARRENDATARIO, unha vez chegada a data prevista, conceda un novo prazo para o remate das obras.

6º.- PERMISOS E LICENCIAS PARA O EXERCICIO DA ACTIVIDADE

O ARRENDADOR comprométese a ter obtidas tódalas licencias e permisos necesarios para o inicio da actividade no plató obxecto do arrendamento, sendo causa de resolución do contrato a non consecución das mesmas antes da entrada en vigor do presente contrato, a non ser que polo ARRENDADOR se inicien inmediatamente as correccións das instalacións sinaladas polos organismos competentes e sexan concedidas as devanditas licencias e permisos no prazo que lle conceda o ARRENDATARIO.

7º.- DURACIÓN DO CONTRATO

As partes establecen coma duración do contrato o prazo de tres (3) anos contados a partires da súa entrada en vigor, establecéndose unha opción preferente de arrendamento, no suposto de interesala TVG, S.A., ó mesmo prezo ca calquera outro arrendatario.

8º.- PREZO DO CONTRATO

As partes establecen o prezo de arrendamento nas seguintes cantidades, que non sufrirán incremento algúns no período contractual:

- Corresponde o primeiro ano, de un de Xaneiro de mil novecentos oitenta e oito ó trinta e un de Decembro de mil novecentos oitenta e oito, vintescis millóns de pts. (26.000.000.-)
- Corresponde o segundo ano, de un de Xaneiro de mil novecentos oitenta e nove ó trinta e un de Decembro de mil novecentos oitenta e nove, vinteito millóns de pts. (28.000.000.-)
- Corresponde o terceiro ano, de un de Xaneiro de mil novecentos noventa ó un de Xaneiro de mil novecentos noventa e un, trinta millóns de pts. (30.000.000.-).

Será de conta de TVG, S.A. o pagamento do I.V.E. que corresponda segundo a lexislación aplicable en cada momento; serán de conta do ARRENDADOR o pagamento de calquera outro gravame, imposto ou contribución que sexa esixible.

9º.- PAGO DA RENDA

A renda devengarase por períodos mensuais e será satisfita dentro dos dez (10) días seguintes ó vencemento do período mensual do seu devengo na entidade bancaria que sinale o ARRENDADOR, xunto co I.V.E. soportado, sen prexuízo da obriga do ARRENDADOR de entregar recibo do pago da renda no que conste debidamente desglosadas as cantidades correspondentes á renda e as correspondentes ó I.V.E.

10.- LIMITACIÓNÓS Ó ARRENDAMENTO

As partes acordan que o ARRENDADOR reservase o uso do plató un día, entendéndose éste desde as 00,00 horas ata as 24,00, de cada semana, no día concreto que lle sinale o ARRENDATARIO, co fin de producir programas previamente contratados con TVG, S.A.

Son de conta do arrendador o prezo de consumo de enerxía eléctrica e tódolos demais gastos que se houbesen producido nos días do seu uso do local, os que serán abonados polo arrendador ó arrendatario ó cabo de cada período mensual.

A contia en que participe o ARRENDADOR no volume total de gastos que xere a utilización, tanto de uso coma de mantemento, será dun quinto (1/5).

A enerxía eléctrica utilizada será medida ás horas do inicio do uso e ás 24 horas do mesmo día.

O arrendador non terá dereito á utilización da liña telefónica exterior, debendo empregar para as súas necesidades as instalacións con que conte no local reservado para o seu uso exclusivo.

O arrendador non terá dereito a utiliza-los útiles, materiais e equipos técnicos que pertenzan ó arrendatario e teña depositados no plató ou nas instalacións accesorias.

O arrendador responderá de calquera dano que se orixine nas instalacións ou equipamentos do plató, que se produza pola súa intervención directa ou indirecta no uso das instalacións.

O dereito de uso de plató un día á semana que se constitúe en favor do arrendador extinguirse no suposto de que se incumplan gravemente os acordos establecidos para regular ese uso.

A chave da porta de acceso do plató será entregada á persoa que designe o arrendador polo persoal do arrendatario, debendo scribirse devolta na mesma forma ó cabo de cada día en que empregue o plató.

11º.- AUTORIZACIÓN DE USO POR TERCEIROS

O ARRENDADOR autoriza expresamente ó ARRENDATARIO a cede-lo uso do plató a calquera terceiro para destinalo conforme ó seu fin; non supoñendo o exercicio desta autorización incremento algún no precio do contrato, calquera que sexan os termos e condicións da cesión do uso.

O arrendatario e o cessionario haberán de respetar as estipulacións contidas neste contrato, incluso a recollida na cláusula anterior.

12º.- NON PERTURBACIÓN POLO USO DO LOCAL RESERVADO

O ARRENDADOR instalará os aparatos de medición dos servicios de suministro de auga e de enerxía eléctrica en forma independente para o plató arrendado e o local que se reserva; así mesmo, abstérase de exercer no local que se reserva, por si ou por medio doutra persoa, calquera actividade que impida ou dificulte a gravación de programas de televisión.

13º.- VIXIANGIA DO LOCAL

Son de conta do ARRENDADOR e poñeráos a disposición do ARRENDATARIO os equipos de alarma instalados na nave onde estea ubicado o plató, que deberá estar conectada permanentemente cun local de control de ARRENDATARIO e ó seu traveso coa Comisaría de Policía correspondente.

14º.- ADECUACIÓN DAS INSTALACIÓNS ÁS DISPOSICIÓNIS LEGAIS

Será de conta do ARRENDADOR a realización de tódalas obras necesarias para o reforzo, seguridade e modernización das instalacións propias que resulten obligadas polas futuras disposicións dimanadas dos organismos competentes. As devanditas obras deberán ser realizadas dentro do prazo que se sinale polas disposicións legais.

15º.- RESPONSABILIDADE DAS PARTES

E de responsabilidade do ARRENDATARIO o uso do plató arrendado conforme ó estipulado, respondendo dos danos e desperfectos que se poidan ocasionar por razón de uso indebido excepto nos días reservados ó arrendador neste contrato.



É de responsabilidade do ARRENDADOR o mantemento do plató en condicións adecuadas para o seu destino durante todo o período de duración do arrendamento, debendo de realizar todas as reparacións necesarias para elo, agás as que se derivan dun uso indebido do ARRENDATARIO.

16º.- AUTORIZACIÓN DE REALIZACIÓN DE MEJORAS

O ARRENDADOR autoriza ó ARRENDATARIO a realizar aquelas obras de mellora que sexan adecuadas ó seu destino, especialmente as que se deriven dos avances técnicos propios do destino pactado, agás as que afecten á estructura básica do inmoble, que requerirán previo consentimento escrito do ARRENDADOR. Non se pode entender coma obras que afecten á estructura básica do inmoble aquelas que supoñan reforzamento ou ampliación da infraestructura preexistente, ainda que supoñan suxección, apoios, rozas ou outras alteracións semellantes na estructura básica do inmoble; as melloras que se realicen no local e sexan inseparables quedarán de propiedade do ARRENDADOR unha vez rematada a relación contractual.

17º.- INDEMNIZACIÓN POR CAUSA DE RESOLUCIÓN IMPUTABLE Ó ARRENDADOR

De proceder a la resolución do contrato por calquera causa imputable ó ARRENDADOR, as partes establecen que a indemnización que corresponde ó ARRENDATARIO, en atención ós danos e prexuízos que se orixinen á súa programación televisiva non será inferior ó importe da renda anual establecida para o período contractual seguinte a aquél no que se cause a perturbación, sen prexuízo de calquera outra indemnización que lle puidese corresponder ó ARRENDATARIO en razón doutros prexuízos causados, especialmente o valor da publicidade contratada en razón dos programas que se realicen no plató obxecto de arrendamento de non poder ser emitida esta por calquera variación na programación que lle fose necesario realizar ó ARRENDATARIO.

18º.- RESPONSABILIDADE POR SINIESTRO

O ARRENDADOR responsabilizase ante o arrendatario dos danos que poidan producirse no plató e nos medios técnicos que nel se encontren, derivados de todo siniestro sucedido ou orixinado na parte que o arrendador se reserva para o seu uso exclusivo. -----

A resolución do contrato prevista na lei por esta causa supónerá, calquera que sexa a razón de producción do siniestro referido no apartado anterior, o xurdimento para o arrendatario do dereito ó percibo da indemnización prevista na cláusula anterior.-----

19º.- LEXISLACIÓN APLICABLE

No non disposto neste contrato a relación contractual regúlase polo disposto na lexislación de dereito privado aplicable á materia que sexa vixente en Galicia, especialmente polo disposto na Lei de Arrendamentos Urbans para locais de negocios con instalacións.-----

20º.- GASTOS E IMPOSTOS

Calquera gasto que orixe na formalización do presente contrato e calquera imposto que del se derive, agás o pactado para o I.V.E., será de conta do ARRENDADOR; de ser anticipados polo ARRENDATARIO os gastos habidos, serán deducidos da renda que lle corresponde ó ARRENDATARIO.-----

21º.- SUMISIÓN Ó FUERO

Con renuncia expresa de calquera outro fuero que puidese corresponderllles as partes sométense expresamente á xurisdicción correspondente ós Xulgados e Tribunais de Santiago de Compostela.



de Galicia

Así o pactan e en sinal de conformidade firman
o presente contrato por cuadruplicado exemplar no lugar e data in-
dicados.

POLA TELEVISIÓN DE GALICIA, S.A.

POR GALAXIA COMUNICACIÓN, S.A.

Asdo.: Abilio Bernaldo de Quirós
" y Salvador

Asdo.: Ghaleb Jaber Ibrahim

A N E X O


As partes acordan que por inexistencia de stocks no mercado nacional, a instalación no platô obxecto de arrendamento de trinta e seis (36) dos noventa e seis (96) pantógrafos motorizados de 7 Mts. - 32 AMP e a dos dez (10) pantógrafos motorizados de 7 Mts. 63 AMP; previstos na relación de material de iluminación do platô, realizarase antes do quince de Xaneiro de mil novecentos oitenta e oito, establecéndose coma causa de resolución do contrato a falta ou inadecuación da súa instalación antes do término previsto.

En Santiago de Compostela, a cinco de Outubro de mil novecientos oitenta e sete.

POR TELEVISIÓN DE GALICIA, S.A.

POR GALAXIA COMUNICACIÓN, S.A.


Asd.: Adolfo Bernardo de Quirós
y Salvador


Asd.: Ghaleb Jaber Ibrahim

En Santiago de Compostela, a dezanove de Xaneiro
de mil novecentos oitenta e oito

R E U N I D O S:

Dunha banda, TELEVISIÓN DE GALICIA, S.A., de aquí en diante "O CESIONARIO", con endereço social no Centro de Emisións e Producción de Bando-San Marcos, Santiago de Compostela, constituida en escritura pública outorgada perante o Notario de Santiago de Compostela, D. José Antonio Montero Pardo, o día dezaoito de Abril de mil novecentos oitenta e cinco e inscrita no Rexistro Mercantil de A Coruña ó libro 224, tomo 425, folio 75, folla 2.433, C.I.F. nº A 15073349, representada neste acto por Don Gerardo Rodríguez Rodríguez, na súa calidade de Director das facultades representativas que resultan dos Estatutos polos que se rexea dita Sociedade Anónima, no seu artigo dez, letra "n".

Doutra banda, a Empresa "GALAXIA COMUNICACIÓN, S.A.", con endereço social en Santiago de Compostela, Praza de Vigo, 2-baixo, Sociedade inscrita no Rexistro Mercantil de A Coruña ó tomo 506 do arquivo, libro 274 da Sección 3ª de Sociedades, folio 90, folla 2.969, inscripción 1ª, de aquí en diante "O CELENTE", representada - por D. Ramón Domínguez Rego e Don Luis Rodríguez Carballido, en virtude dos poderes que lle foron conferidos como Director Xerente e Conselleiro Delegado, respectivamente, o día nove de novembro de 1987, ante o Notario de Santiago, Sr. Sánchez Mora nº 4275 e 4276 do seu protocolo e inscritos no folio rexistral referido como inscripcións 5ª e 6ª respectivamente.

Don Ramón Domínguez Rego e Don Luis Rodríguez Carballido, declaran expresamente e responsabilízanse de que a "EMPRESA" que representan conta coa capacidade legal en dereito necesaria e que non está incursa en ningunha das prohibicións e incompatibilidades expresadas na legislación vixente para realiza-lo presente contrato. Igualmente manifesta que ningún directivo ou persoal fixo da Compañía Radio-Televisión de Galicia e as súas Sociedades é socio nin administra

dor, nin directa nin indirectamente, nin forma parte da plantilla do "CESIONARIO" nin mantén con el ningunha clase de dependencia ou relación laboral, comercial ou asesoramento técnico durante o prazo de vixencia do presente contrato.

Ámbalas dúas partes reconócense a capacidade legal suficiente para celebra-lo presente contrato, que se rexerá con arreglo ás seguintes

C L Á U S U L A S

PRIMEIRA.- Obxecto do Contrato

"O CEDENTE" dá en arrendamento ó "CESIONARIO", para o seu uso no platô de mil metros cadrados (1.000 m²) que lle ten arrendado na localidade de Ribeira-Montouto-Teo, os seguintes bens móbiles:

1º).- Mesa de Iluminación coas seguintes características:

a).- Sistema de Control: - 120 canles.

- 5 caixas multiplexoras de 24 canles direccionables.
- 1 fonte de alimentación para caixas multiplexoras.

b).- Dimmers:

- 10 unidades de dimmers cada unha de 12 canles e 2 Kw. de potencia (total 120 dimmers e 240 Kw.) analóxicas.
- 5 unidades de dimmers cada unha de 6 canles e 6 Kw. de potencia (total 30 dimmers e 180 Kw.) dixitais.

2º).- Relación do mobiliario: - 2 sillas con rodas. | + | ✓

- 1 armario de madeira (135x92x40 cm.) con 3 estantes. ✓

- 8 mesas de 144 cm. con grupo de caixóns. ✓

- 8 sillóns xiratorios. ||||| ✓

- 8 sillas. ||||| ✓

- 2 arquivadores (ref. F-4). || ✓

- 2 armarios (ref. A-80) con estantes. || ✓

- 100 carpetas de arquivo ✓
- 5 percheiros. // / ✓
- 14 papeleiras (ref. a-100). Zi // / + C ✓
- x- 2 máquinas de escribir "Olivetti" (liña 90 con carriño).
- 1 cama de 90 cm. (colchón, almofada e me tálico). ✓
- 8 mesas para bar (70x70 cm.). ✓
- 32 sillas para bar. ✓
- 30 cadros varios. // + 6 ✓
- 1 armario (ref. 4121) con portas. ✓
- 26 cinceiros de cristal. ✓
- 7 sillóns para camerino. ✓
- 3 sillóns de maquillaxe. ✓
- 2 mesas auxiliares con rodas. ✓
- 30 perchas (ref. 100-A). ✓
- 12 lámpadas de mesa baixa. Ø + C ✓
- 6 paraugüeiros (ref. 208 P). 5 +)
- 6 mesas de espera (70x70 cm.). ✓
- 1 mesa de espera (120x70 cm.). ✓
- 2 cinceiros de papeleira. ✓
- 24 toallas. ✓
- 24 toallas lavabo. ✓
- + 1 máquina de cubos de xelo.
- 1 moliniño ✓
- + 1 batidora. ✓
- 1 cafeteira. ✓
- 1 cortadora de fiambres. ✓
- + 1 cocciña. ✓
- 1 fritidora.
- 1 mostrador frigorífico. ✓
- 2 bancos de madeira con percheiro. R / ✓
- 3 mesas baixas de recepción. H / I ✓
- 33 sofás. 9 + 9 + 12 + 5 +

SEGUNDA.- Adecuación dos Bens

Tódolos bens obxecto de contrato teñen que reunir as condicións óptimas para presta-lo servicio axeitado conforme ó seu destino. "O CESIONARIO" rexitará, unha vez postos á súa disposición, os bens móbiles que non se adecúen ás necesidades que teñen que satisfacer.

TERCEIRA.- Inicio da Vixencia do Contrato

O presente contrato entrará en vigor, de cumprirse as condicións sinaladas na cláusula anterior, o día dous de xaneiro de mil novecentos oitenta e oito. De non cumprirse as condicións establecidas, o presente contrato non entrará en vigor, a non ser que "O CESIONARIO" conceda un prazo para sustituir os bens móbiles que non sexan adecuados por outros que satisfagan as necesidades. Neste suposto o abono da renda dos bens substituídos só se abonará na proporción que corresponda ó seu valor, desde a aceptación polo "CESIONARIO" dos bens substituídos.

CUARTA.- Duración do Contrato

As partes establecen coma duración do contrato o prazo de tres (3) anos contados a partires da súa entrada en vigor, establecéndose unha opción preferente de prórroga de arrendamento a favor do "CESIONARIO", o mesmo prezo ca calquera outro ofertante.

QUINTA.- Prezo do Contrato

As partes establecen o prezo do arrendamento dos bens móbiles nas seguintes, que non sufrirán incremento algúin no período contractual:

- Correspondente á Mesa de Iluminación: Trescentas cincuenta mil pesetas (350.000.- M) mensuais.
- Correspondente ó Mobiliario: Cento trinta mil pesetas (130.000 .- M) mensuais.

Será de conta do "CESIONARIO" o pagamento do Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) que corresponda segundo a lexislación aplicable en cada momento.

SEXTA.- Pago da Renda

A renda devengarase por períodos mensuais e será satisfeita dentro dos dez (10) días seguintes ó vencemento do período mensual do seu devengo na entidade bancaria que sinale "O CEDENTE", xunto co IVE soportado, sen prexuízo da obriga do "CEDENTE" de entregar recibo no que consten debidamente desglosadas as cantidades correspondentes á renda e as correspondentes ó IVE.

SÉTIMA.- Uso polo Cedente

"O CEDENTE" resérvase o uso dos bens móbiles obxecto do arrendamento, para usalos no lugar da súa instalación e conforme ó seu destino, nos días en que use o Plató onde están instalados, conforme ó acordado polas partes no contrato outorgado en data cinco de Outubro do actual.

OITAVA.- Autorización de Uso por Terceiros

Así mesmo, "O CEDENTE" autoriza o uso dos bens móbiles polos terceiros ós que "O CESIONARIO" ceda o uso do Plató conforme ó establecido no contrato antes referido.

NOVENA.- Responsabilidade das Partes

E de responsabilidade do "CESIONARIO" o uso dos bens móveis arrendados conforme á súa natureza, respondendo dos danos e desperfectos que se poidan ocasionar por razón do uso indebidamente, agás dos que puidese causar o persoal do "CEDENTE".

E de responsabilidade do "CEDENTE" o mantemento dos bens móveis en condicións adecuadas para o seu uso durante todo o período de duración do arrendamento, e deberá realizar especialmente as revisións periódicas da Mesa de Iluminación que sexan necesarias para o seu uso óptimo. Para o seu cumprimento levará a cabo as reparacións que sexan necesarias, incluíndose no prezo establecido neste contrato tanto o da man de obra coma o dos repostos necesarios.

DÉCIMA.- Causa de Resolución

Sen prexuízo da finalización do contrato polo transcurso do prazo contractual ou das súas prórrogas, é causa da súa resolución, amais das previstas pola lexislación vixente, a resolución do arrendamento do Plató onde se instalarán os bens, celebrado polas partes o día cinco de Outubro do actual.

UNDÉCIMA.- Léxislación Aplicable

No non disposto neste contrato a relación contractual regularase polo disposto na lexislación de dereito privado aplicable vixente en Galicia, especialmente polo disposto no Código Civil sobre arrendamento de cousas.

DUODÉCIMA.- Gastos e Impostos


Calquera gasto que orixe a formalización do presente contrato e calquera imposto que del se derive, agás o pactado para o IVE, será de conta do "CEDENTE"; de ser anticipados polo "CESIONARIO" os gastos habidos, serán deducidos da renda que lle corresponde ó "CEDENTE".

DÉCIMO TERCEIRA.- Sumisión ó Foro

Con renuncia expresa de calquera outro foro que puidese corresponderelles ás partes, estas sométense expresamente á xurisdicción correspondente ós Xulgados e Tribunais de Santiago de Compostela.


Así o pactan, e en sinal de conformidade asinan o presente contrato por cuadriplicado exemplar no lugar e data indicados.

POR TELEVISIÓN DE GALICIA, S.A.




Asdo.: Gerardo Rodríguez Rodríguez

POR GALAXIA COMUNICACIÓN, S.A.



Asdo.: Ramón Domínguez Rego



Asdo.: Luis Rodríguez Carballido



sión de Galicia

Santiago de Compostela, a un de Novembro de mil novecentos oitenta e cinco.

R E U N I D O S

Dunha banda, TVG, S.A., con domicilio social en Santiago de Compostela, Centro de Emisión de Televisión de San Marcos, representada por D. Guillermo Montes González, Director da mesma.

Doutra banda, Productora Faro S.A., con domicilio social en Cidadeille, Chapela, Travesía de Vigo, Km. 6, VIGO, representada polo Presidente do seu Consello de Administración, D. F. Javier Vázquez Sánchez-Puga.

Ambalas dúas partes recoñécense mutuamente a necesaria capacidade xurídica para este outorgamento nas representaciōns que ostentan e acreditan e

M A N I F E S T A N

PRIMEIRO. - Que Productora Faro S.A. dispón dos servicios informativos que maís adiante se especifican.

SEGUNDO. - Que TVG, S.A. encóntrase interesada na adquisición dos referidos servicios, para utilizar nos seus programas, por elo, ambas partes formalizan o presente contrato que se rexerá polas seguintes



CLAUSULAS

PRIMEIRA.- Productora Faro S.A. pon a disposición de TVG, S.A., o servicio informativo, integrado por noticias culturais políticas, educativas, deportivas, etc. co obxecto de que poidan utilizarse pola TVG, S.A., sen que ningún outro organismo dependente da mesma poida facer tamén uso dos referidos servicios.-----

SEGUNDA.- Que Productora Faro S.A. comprométese a facilitar a TVG, S.A. e esta adquirir a Productora Faro S.A. 3 minutos diarios de polo menos tres filmacións informativos referentes a acontecementos noticiais que se produzcan en Galicia, na zona de incidencia de Productora Faro S.A.-----

Dito suministro entregárase na TVG, S.A. coa rapidez precisa para poder ser obxecto de emisión coa meirande inmediatez posible.-----

As filmacións referíranse a acontecementos de actualidade no día do seu envío e remitíranse co tempo necesario para ser emitidas ó mesmo tempo que por outros medios informativos.-----

Os traballos informativos obxecto do presente contrato enténdese que son sen editar.-----

TERCEIRA.- Productora Faro S.A. realizará os traballos obxecto deste contrato en soportes técnicos adecuados para a súa emisión pola TVG, S.A., de tal xeito que a TVG, S.A. só teña que realiza-lo proceso de editaxe.-----

COARTA.- No caso de que TVG, S.A. encargase a Productora, Faro, S.A. algunha grabación que esixese a realización de gastos excepcionais, estos serán obxecto dunha negociación aparte deste convenio.-



Televisión de Galicia

QUINTA.- Productora Faro S.A., dentro do espíritu de colaboración deste contrato, esforzárase en proporcionar a mellor calidade dos seus productos. Se algunha das grabacions fose considerada, de mütuo acordo, con insuficiente calidade esta non sería facturada por Productora Faro S.A.-----

SEXTA.- Productora Faro S.A. poderá ofrecer a TVG, S.A. a realización de programas informativos ou documentais sobre calquera tema nacional a elexir con periodicidade mensual, con duración entre 20 e 30 minutos por un precio a fixar.-----

SEPTIMA.- Productora Faro S.A. por a disposición de TVG, S.A. os seus fondos fotográficos de diapositivas color e fotos en blanco e negro para as súas necesidades documentais, a precios que se negociarán en cada caso.-----

OITAVA.- TVG, S.A. comprométese a abonar mensualmente a Productora Faro S.A. por mensualidades vencidas e dentro dos dez primeiros días seguintes o que corresponde, as cantidades resultantes con importe dos referidos servicios, a razón de 8.000 Ptas. cada minuto emitido.-----

Os gastos dé transporte do material filmado, ás instalacions de TVG, S.A. en Santiago de Compostela correrán a cargo desta.-----

NOVENA.- Este contrato entrará en vigor o día da data e económicamente dende a prestación do servicio, e terá unha duración dun ano, sendo renovado automáticamente por iguales períodos de tempo se ningunha das partes comunica á outra, mediante carta certificada, o desexo de rematalo ou modificalo, cun mes, como mínimo, de antelación á data da súa caducidade.-----



DECIMA.- O precio mensual convidado será revisado ó iniciarse cada período de renovación, para axustalo por defecto ou por exceso, ás variacións que experimente o índice de precios ó consumo, de acordo cos datos que ó efecto facilite o Instituto Nacional de Estadística.-----

UNDECIMA.- TVG, S.A. comprométese a non ceder, traspasar nin vender a ningún outró medio ou entidade os servicios obxecto deste contrato, e a non dar ós mesmos un uso diferente do que se conven na Cláusula Primeira. O incumprimento desta cláusula outorgaría a Productora Faro S.A. o dereito a da-lo contrato por resolto, reservándose o dereito a exercer cantas accións legais poidan corresponderlle.-----

DUODECIMA.- Independentemente dos servicios das cláusulas que anteceden, Productora Faro S.A. comprómétese a servir a TVG, S.A., cantas producións ou reportaxes solicite, sempre que elo sexa posible. As peticións destas producións ou outros servicios especiais deberán facerse nas oficinas centrais de Productora Faro S.A. en Chapela-Vigo e serán tarifadas ós precios previamente convidados polas partes.-----

Ditos servicios especiais serán abonados independentemente da cuota establecida polo servicio, por mensualidades vencidas e dentro do mes seguinte ó que corresponda contra factura e recibo que lle presentará Productora Faro S.A. polo total das mesmas.-----


Productora Faro S.A. poderá incorporar a tódolos servicios por ela suministrados, o seu logotipo, indicativo da súa procedencia, ó comenzo da grabación.-----




Televisión de Galicia

DECIMOTERCEIRA. - De acordo coa normativa vixente, TVG, S.A. comprométese igualmente a non introducir cambios sustanciais nos textos dos servicios obxecto deste contrato e a citar como fonte das noticias ou informaciōns o nome de Productora Faro S.A.-----

DECIMOCUARTA. - Se TVG, S.A. deixase de abonar a Productora Faro S. A. nas datas previstas o precio convidado durante tres mensualidades consecutivas, Productora Faro S.A. podería dar por resolto o contrato e reclamar, en concepto de danos, o importe das mensualidades non vencidas que falten ata o seu remate, ademais do importe das mensualidades vencidas e non pagadas.-----


Se Productora Faro S. A. incumpre reiteradamente os servicios obxecto deste contrato, TVG,S.A. poderá dar por resolto este contrato e reclamar en concepto de danos o importe das mensualidades non vencidas que falten ata súa finalización contándose o tempo dende a data do primeiro incumprimento.-----


DECIMOQUINTA. - Productora Faro S.A. declina toda responsabilidade do servicio como resultado de folgas, perturbacións nas comunicacions e outras causas alleas a mesma, sen que ditas interrupcions poidan ser motivo de resolución do contrato por parte de TVG, S.A. O pago dos servicios que deixen de recibirse polas causas antes reseñadas serán obxecto de previo acordo de ámbalas dúas partes.---

DECIMOSEXTA. - Productora Faro S.A. responderá, en todo caso, ante TVG, S.A. da veracidad dos servicios informativos obxecto deste contrato.-----

DECIMOSEPTIMA. - Con renuncia expresa do seu propio fuero, as partes sométense para cuntas cuestiōns puideran derivarse da interpre-




Televisión de Galicia

tación e cumplimento das cláusulas deste contrato, á Xurisdicción e competencia dos Xulgados e Tribunais da Santiago.


Lido por ambas partes, afírmanse e ratificanse no seu contido e, en proba de conformidade, firmano por duplicado e a un só efecto no lugar e data "ut supra".

POR TVG, S.A.



A handwritten signature in black ink, appearing to read 'Guillermo Fernández'.

POR PRODUCTORA FARO S.A.



A handwritten signature in black ink, appearing to read 'H. Fernández'.

PROGRAMA DE PROPOSTAS

DA "ASOCIACION DE PRODUCTORAS DE CINE E VIDEO DE GALICIA"

Por circunstancias obxetivas e subxetivas que concorren tanto no feito cinematográfico (industrial, comercial) coma no feito filmico (contidos e xeitos de expresión), as cinematografías de todos los países, están dun ou doutro xeito axudadas e promocionadas institucionalmente, co obxeto de manter viva a propia cultura e identidade, defendéndoas da invasión, colonización e extinción. Así ocorre en toda a Europa Comunitaria, por citar somentes cinematografías que, ainda que minoritariamente respecto da norteamericana, concorren no mercado cinematográfico galego.

O noso é un país cunha cultura que a piques de remata-lo século XX e cando van xa case que cen anos dende a aparición do cine, ainda non acadou para si este xeito de comunicación cultural e artística, se cadra o más transcendental, universal e influinte da nosa época. E non o acadou porque non tivo institucións propias. Ténnas dende hai uns anos, anos tamén perdidos porque quen tiveron o dereito e a obliga de gobernarnos ó traverso delas non entenderon nin foron sensíbeis a esta cuestión, porque cecáis non entendíen nin eran sensíbeis ó que necesita un país para selo, xa que no noso marco histórico, un país que non ten expresión audiovisual propia é un país minusválido condenado á perda da súa identidade e á desaparición.

Para solventar esta situación pensamos que a Xunta de Galicia ten que asumir con medidas urxentes e concretas o fomento e desenvolvemento da expresión audiovisual galega.

Nós, como Asociación representativa do sector, propoñemo-las seguintes:

I.- PROPOSTAS DE MEDIDAS A TOMAR POLA CONSELLERIA DE CULTURA

1.- Medidas básicas

- 1.1.- Creación dentro da Consellería de Cultura dunha estructura administrativa que xestione o tema da Imaxe cos seguintes obxetivos:
- 1.2.- Actualización do rexistro de empresas productoras.
- 1.3.- Recuperación e arquivo da memoria icónica de Galicia.
- 1.4.- Fomento, promoción e difusión no país e no exterior das producções audiovisuáis galegas.

2.- Presupostos (anos 88 - 89)

- 2.1.- Creación dunha partida presupuestaria de 20 millóns de pesetas para a adquisición dunha mínima infraestructura de material mecánico de cine e vídeo.
- 2.2.- Creación dunha partida presupuestaria de 47 millóns de pesetas para subvencionar mostras, semáns e festiváis de cine e vídeo e á Federación Galega de Cine-Clubs.
- 2.3.- Creación dunha partida presupuestaria de 3 millóns de pesetas para un concurso de guións de cine de longametraxe, de cine de curtametraxe, de vídeo creativo e de vídeo didáctico.
- 2.4.- Creación dunha partida presupuestaria de 20 millóns de pesetas para becas de estudo e investigación.

2.5.- Axudas á Producción Cinematográfica :

2.5.1.- Creación dunha partida presupuestaria de 200 millóns de pesetas, compartida conxuntamente coa Televisión de Galicia, destinada a subvencionar a producción cinematográfica de empresas con domicilio social en Galicia e inscritas no Rregistro de Empresas de Producción Audiovisual da Consellería de Cultura.

2.5.1.1.- Facer dúas convocatorias anuais de subvencións (unha no mes de xaneiro e outra no mes de xuño), segundo os seguintes porcentaxes:

2.5.1.2.- Subvención para películas de longametraxe non inferior ó 50% do seu custo de produción, incluídos os dereitos de antena da Televisión de Galicia.

2.5.1.3.- Subvención para películas de curtametraxe non inferior ó 75% do seu custo de produción, incluídos os dereitos de antena da Televisión de Galicia.

2.5.1.4.- Asiñar á produción de curtametraxes un mínimo do 20% do total da partida presupuestaria destinada á producción cinematográfica.

2.6.- Axudas á Producción Videográfica :

2.6.1.- Creación dunha partida presupuestaria de 60 millóns de pesetas destinada a subvencionar a producción videográfica de proxectos de contido cultural ou creativo, de empresas con domicilio social en Galicia e inscritas no rexistro de Empresas de Producción Audiovisual da Consellería de Cultura.

2.6.2.- Creación dunha partida presupuestaria de 30 millóns de pesetas destinada a subvencionar a producción de vídeos didácticos, de empresas con domicilio social en Galicia e inscritas no Rregistro de Empresas de Producción Audiovisual da Consellería de Cultura.

Esta partida podería ser asumida conjuntamente polas Consellerías de Cultura e Educación.

2.6.3.- Tanto no caso do vídeo de creación coma no de vídeo didáctico, a subvención debe cubri-lo 100% do custo de producción dos proxectos, sendo da empresa productora os dereitos de antena.

O conxunto de necesidades aquí expostas cubriríanse adicando á Imaxe Audiovisual entre o 7.5 e ó 10% do presuposto da Consellería de Cultura. E de suliñar que no ano 86 destíñouse perto do 1% do devandito presupuesto para axudas á produción e que no ano 87 mantéñese esa porcentaxe.

O futuro "Centro Galego das Artes da Imaxe" (CGAI) debería se-lo ente sobre do que recaira todo o programa aquí exposto e que debería asumila tarefa da formación permanente de profesionais da Imaxe, no que deberían estar debidamente representados.

II.- PROPOSTAS PARA A CREACION DUN ENTE AUTONOMO DAS ARTES AUDIOVISUAIS

A creación dun ente autónomo para a promoción, protección e difusión da actividade cinematográfica e audiovisual - "Centro Galego das Artes da Imaxe" -, ben por separado ou ben integrado nun ente global - "Instituto Galego das Artes Escénicas" -, debería ter en conta os seguintes puntos:

- 1.- Creación dun Centro de Formación e Investigación Audiovisual.
- 2.- Celebrar convenios ou realizar coproduccións, pero non producir, para evitar posible competencia ilícita, con empresas cinematográficas e audiovisuais con domicilio social en Galicia.
- 3.- O Consello de Administración do ente debería contemplar unha composición profesional compaxinada coa institucional. Concretamente, debería haber nel membros nomeados polas Asociacións Profesionais.
- 4.- Consideramos que cada Departamento debería pechar en sí mesmo o seu propio ciclo, pola diversidade dos medios.
- 5.- Para simplifica-la estructura administrativa pensamos que o "Departamento de Personal" e o "Departamento Económico-Administrativo", deberían ficar incluidos na Xerencia.
- 6.- Este ente autónomo debería recoller, integrar e darlle continuidade no seu seo ó Programa de Propostas que a nosa Asociación ten entregado na Consellería de Cultura para ós presupostos dos anos 88-89, coma concreción das funcións e tarefas específicas a desenvolver no eido audiovisual.

III.- PROPOSTAS PARA A TELEVISION DE GALICIA

Que a Televisión de Galicia tras dous anos de existencia e tras dos miles de millóns de investimento necesarios para a súa posta en marcha e mantenimento non teña adicado ainda un hoco nos seus presupostos para elabora-lo primeiro espacio de produción propia no eido da ficción, é un feito que non só non debería seguirse a dar, senón que facelo debería constitui-la súa normal razón de ser.

Seméllanos paradóxico que a pantalla na que se debe reflexa-lo país e ó traverso da que o país se debe reflexar no mundo, non teña ainda conquerido o contar ningunha historia, ningunha ficción nosa, e, facendo seu o "que inventen eles", proporcione a cotío toda clase de ficcions e historias de expresión cultural allea, esquecendo o fin báseco para o que foi creada: a expresión propia da nosa cultura.

As medidas que a TV.G. debería tomar para solventar esta deficiencia pasan porque aproximadamente o 25% do seu presuposto se adique á produción propia de espacios de ficción e documental, contratados con empresas con domicilio social en Galicia e inscritas no Rregistro de Empresas de Producción Audiovisual da Consellería de Cultura, porcentaxe que debería ir incrementándose anualmente ata acadar una cifra normalizada. Valla como referencia que TV. E. sí adica a este capítulo o 25% do seu presupuesto anual.

As medidas que deberían tomarse concretarianse nos seguintes puntos:

- 1.- Un bón primeiro paso sería o facer xa realidade o proxecto anunciado pola Dirección da TV.G. de producir unha serie de tema galego realizada por técnicos e actores do país.
- 2.- A realización deste proxecto non debería ser un feito aillado, unha relación eventual e de circunstancias ou un devaneo ocasional da TV.G. co sector audiovisual galego, senón o inicio dunhas relacións es-

tables e formáis: esa serie que se anuncia ten que vir seguida de outras, tanto de ficción coma documentáis, ata se convertir nun feito normal.

3.- Pensamos que a TV.G. debería rentabiliza-la súa produción propia investindo en cada producto a contía suficiente para que fose competitivo no mercado internacional, o que redundaría no seu propio beneficio.

4.- De crearse, coma se anunciou, un "Centro Galego das Artes da Imaxe", e, coma tamén se anunciou, unha "Escola de Imaxe e Son", a TV.G. debería colaborar facilitando medios e espacios para o aprendizaxe e a práctica, co fin de forma-los técnicos dos que logo se habería de servir.

IV.- PROPOSTAS PARA A CONSELLERIA DE INDUSTRIA

As nosas aspiracións coma sector de producción, de cara a Consellería de Industria, concréтанse en tres puntos:

- 1.- Ter acceso a cretos subvencionados para a financiación da produción audiovisual.
- 2.- Que nas campañas de imaxe e publicidade se emplee apoio audiovisual e este se contrate prioritariamente con empresas do sector radicadas en Galicia.
- 3.- Que no fomento de novas tecnoloxías se teña en conta o eido da Imaxe.


V.- PROPOSTA A XUNTA DE GALICIA SOBOR DAS COMPETENCIAS ADMINISTRATIVAS

Pensamos que debería reivindicarse para Galicia o porcentaxe correspondente do Fondo de Protección á Cinematografía que na actualidade xestiona e administra o "Instituto del Cine y las Artes Audiovisuales del Ministerio de Cultura".


Na redacción deste programa de propostas participaron os quince membros actuáis da "Asociación de Productoras de Cine e Video de Galicia", que son prácticamente a totalidade das existentes no país:

Milagros Bará, P.C., Villaverde Asociados, P.C. Chano Piñeiro, S.A., Video Esquimal, Espello Video-Cine, Estudio 13, Video Voz, Los Films del Búho, A Serpe do Caravel, Ophiusa, Produccións do Noroeste, Centro de Artes Imaginarias, Galaxia Comunicación, C.TV. e Carlos A. López Piñeiro, P.C.

Xaneiro, 1988



Asndo.: O Presidente
Carlos A. López Piñeiro


~~José Xoán Cabanas Cao~~

O Vicepresidente
Xosé Xoán Cabanas Cao

INFORME DA XESTION DO ANO 1.988

1.- Relacións coa Consellería de Cultura:

Mantivéronse nove entrevistas con Antón Louro, subdirector de Promoción Cultural, e Pepe Coira, responsable de Imaxe, e unha entrevista co Conselleiro, nas que intervimos coma interlocutores na elaboración dunha política audiovisual pola Consellería segundo os criterios elaborados polas asambleas da Asociación na segunda metade do ano 87 recollidos no Programa de Propostas que foi entregado a tódolos grupos parlamentarios, á Consellería da Presidencia, á de Cultura, á de Industria, Comercio e Turismo, e á Televisión de Galicia.

Perante todo este proceso de diálogo coa Consellería mantivemos unha postura crítica, reflexada no comunicado entregado ós medios informativos o día da Xornada Europea do Cine. Esta postura crítica chegou a un punto álxido ó ver que as nosas reivindicacións, aceptadas verbalmente polos cargos intermedios da Consellería, non eran feitas efectivas cando xa iba pasada a metade do ano. Entón espuxemo-la posibilidade de deixá-lo diálogo que estabamos a manter e exercer unha denuncia pública da falla de actuación da Consellería no noso medio. A partires de ahí, recibímo-la comunicación da necesidade de entrevistarnos co Conselleiro, cousa que fixemo-lo día 22 de xullo. Nesa entrevista e, uns días dempois nas Xornadas de Cine e Vídeo do Carballiño, a Consellería anunciou un compromiso real coa Imaxe e fixo público un programa de política audiovisual que valoramos satisfactorio.

Os resultados do proceso de diálogo coa Consellería, que se fixeron efectivos na segunda metade do ano, foron os seguintes:

- 1.- Convocatorias de axudas á produción para empresas con domicilio social en Galicia e implantación anterior ó ano da convocatoria.
- 2.- Modificación das condicións dos convenios, facéndoas más doadas e favorables ás productoras.
- 3.- Nomeamento pola Asociación dun membro nas comisións avaliadoras de axudas á produción de cine e vídeo.
- 4.- Percepción dunha subvención de 400.000.- pesetas para o funcionamento da Asociación.

- 5.- Compromiso de participación no proxecto de creación dun Centro Galego da Imaxe.
- 6.- Resolución das subvencións complementarias para as películas que recibiron axudas no ano 1.987.
- 7.- Incremento da dotación presupostaria para Imaxe nos presupostos do ano 89, que polos nosos informes vai se-la seguinte:
 - Mostras e festiváis.....: 20 millóns
 - Becas e bolsas.....: 5 millóns
 - Vídeo profesional.....: 15 millóns
 Aportación TV.G.....: 5 millóns
 - Cine.....: 90 millóns
 Aportación TV.G.....: 45 millóns
 - Vídeo aficionado e fotografía: 6 millóns
 - Centro Galego da Imaxe.....: 40 millóns

Asemade, créase unha Escola de Imaxe cunha dotación económica de 100 millóns pola Consellería de Educación e 187 millóns pola Consellería de Cultura.

- 2.- Relacións co I.C.A.A.- Ministerio de Cultura:
 - 1.- Escrito ó Director Xeral de 9 de febreiro de 1.988 (*)
 - 2.- Entrevista coa Secretaría das Subcomisións de Valoración
 - 3.- Comunicado da asamblea do 30 de xullo de 1.988 (*)
 - 4.- Escrito ó novo Director Xeral do 9 de xaneiro de 1.989 (*)

(*) Destes escritos adxúntase copia.

3.- Relacións coa TV.G.

Houbo un encontro nas Xornadas de Cine e Vídeo de Carballiño co Director da TV. G., no que se lle plantexaron verbalmente algunas das nosas aspiracións, ó que seguiu unha entrevista na que se lle entregou un escrito, que se adxunta, no que se recollen os que pensamos deben ser os primeiros pasos da relación que ten que encetarse entre a TV. G. e a nosa Asociación: débese ir cara un proceso de establecemento dun convenio que regule esas relacións.

COMUNICADO DA "ASOCIACION DE PRODUCTORAS DE CINE E VIDEO DE GALICIA"
CO GALLO DA "XORNADA EUROPEA DO CINE"

Diante da celebración da "Xornada Europea do Cine", no marco do "Ano Europeo do Cine e a Televisión", a "Asociación de Productoras de Cine e Video de Galicia" quere facer público o seguinte:

Que dempois de oito anos de Autonomía, dende a Xunta de Galicia ainda non se soupo ou non se quixo poñer en marcha un plan serio de fomento da produción audiovisual.

Que ainda que si houbo algunhas convocatorias de axudas á produción, foron deslabazadas, arbitrarias, discontinuas e con dotacións económicas de contía ridícula polo miserables.

Que a produción audiovisual ocupa o derradeiro posto no "ranking" dos sectores máis marxinados industrial e culturalmente polas nosas institucións.


Que nas institucións públicas semella non haber conciencia de que o noso país exista ou deixe de existir pasa porque teña ou non unha Imaxe propia, ou, si hai tal conciencia, de que a vontade política é de que non exista (nin a Imaxe nin o País).

Que a TV. G. ten batido tódolos records de tódalas televisións do mundo en falla de asignación presupuestaria para a produción propia e asociada de ficción, ó adicar a este capítulo antre un 0 e un 1% do seu presupuesto anual. Valla coma referencia que a TV. E. adica a este capítulo o 25% do seu presupuesto. Deste xeito a TV. G. convírtese nun caso aleivoso de incomprimento dos obxetivos que deberá comprar coma TV. pública da Comunidade Autónoma.

Que somentes a Federación Galega de Cineclubes ten manifestado a súa sensibilización diante destes problemas, sin que se sepa de ningunha outra institución pública ou privada que teña feito algo por solucionálos, irresponsabilidade que vai condenando ó noso país a estar en permanente fora de xogo no mundo.

Que sería de esperar que co gallo da celebración do "Año Europeo do Cine e a Televisión" fosen tomadas, de unha vez por todas, as medidas necesarias para o lanzamento deste sector, encamiñadas a conquerir que Galicia teña unha Imaxe propia.

14 de xuño de 1.988



O Presidente, Carlos A. López Piñeiro

COMUNICADO DA ASOCIACION DE PRODUCTORAS DE CINE E VIDEO DE GALICIA

A Xunta debería pedi-lo transpaso de competencias

do 'Instituto del Cine' do Ministerio de Cultura

A Asociación de Productoras de Cine e Vídeo de Galicia celebróu asamblea xeral extraordinaria na que, antre outras cousas, informouse das recentes xestións realizadas na Consellería de Cultura e Deportes. A asamblea valorou positivamente a actitude de colaboración da Consellería coa Asociación co obxectivo de acada-la política audiovisual que se fai tan necesaria e sin a que seguiría a darse a situación de anacronismo de que o noso país non teña expresión audiovisual.


A asamblea analizóu os problemas concretos que se refiren ó caso das películas subvencionadas pola Consellería no pasado ano e que por unha chea de circunstancias están interrompidas na súa realización ou non iniciadas. Unha das causas desta paralización é o non ter recibido unhas subvencións complementarias que posibiliten a produción das curtametraxes, que cun coste de produción de arredor de 3.500.000.- pts. somentes teñen recibido 500.000.- pts. de subvención. Sobre deste tema informouse que a Consellería comprometéuse a darlle pronta solución.

No caso das longametraxes "Continental" e "Sempre Xonxa", tamén pendentes dunha subvención complementaria, o problema principal é a non consideración polo 'Instituto del Cine y las Artes Audiovisuales' do Ministerio de Cultura destes proxectos galegos, ós que lle foi denegada subvención. Especialmente grave é o caso de "Sempre Xonxa", de Chano Piñeiro, que dempois de ter iniciado a realización, da que están feitos 21 minutos, viuse obrigado a suspende-la produción.

A asamblea consideró que a solución pasa porque o 'Instituto del Cine y de las Artes Audiovisuales' do Ministerio de Cultura teña en conta a especificidade do caso galego -como fai co País Vasco-, ou porque dende a Xunta de Galicia se pida o traspaso de competencias para xestionar dende a Comunidade Autónoma a porcentaxe que lle corresponde do Fondo de Protección á Cinematografía, como é o caso do País Catalán.

30 de xullo de 1.988

O presidente,

A handwritten signature in black ink, appearing to read "CARLOS A. LÓPEZ PIÑEIRO". The signature is fluid and cursive, with a large, stylized 'C' at the beginning.

Asnd.: Carlos A. López Piñeiro

ASOCIACION DE PRODUCTORAS
DE CINE E VIDEO
DE GALICIA

R/ Canteira de Eirís, 34
Tlf.: (981) 29 61 00
15009 - A CORUÑA

INFORME DA XESTION DOS ANOS 1.988-89-90

Ano 1988

A.- Relacións coa Consellería de Cultura:

Mantivéronse nove entrevistas con Antón Louro, subdirector de Promoción Cultural, e Pepe Coira, responsable de Imaxe, e unha entrevista co Conselleiro, nas que intervimos como interlocutores na elaboración dunha política audiovisual pola Consellería segundo os criterios elaborados polas asambleas da Asociación na segunda metade do ano 87 recollidos no Programa de Propostas que foi entregado a todos los grupos parlamentarios, á Consellería da Presidencia, á de Cultura, á de Industria, Comercio e Turismo, e á Televisión de Galicia.

Perante todo este proceso de diálogo coa Consellería mantivemos unha postura crítica, reflexada no comunicado entregado ós medios informativos o día da Xornada Europea do Cine. Esta postura crítica chegou a un punto álxido ó ver que as nosas reivindicacións, aceptadas verbalmente polos cargos intermedios da Consellería, non eran feitas efectivas cando xa iba pasada a metade do ano. Entón espuxemo-la posibilidade de deixá-lo diálogo que estabamos a manter e exercer unha denuncia pública da falla de actuación da Consellería no noso medio. A partires de ahí, recibimo-la comunicación da necesidade de entrevistarnos co Conselleiro, cousa que fixemo-lo día 22 de xullo. Nesa entrevista e, uns días dempois nas Xornadas de Cine e Vídeo do Carballiño, a Consellería anunciou un compromiso real coa Imaxe e fixo público un programa de política audiovisual, que valoramos satisfactorio.

Os resultados habidos durante o proceso de diálogo coa Consellería, que se fixeron efectivos na segunda metade do ano, foron os seguintes:

- 1.- Convocatorias de axudas á produción para empresas con domicilio social en Galicia e implantación anterior ó ano da convocatoria.
- 2.- Modificación das condicións dos convenios, facéndoas más doadas e favorables ás productoras.
- 3.- Nomeamento pola Asociación dun membro nas comisións avaliadoras de axudas á produción de cine e vídeo.
- 4.- Percepción dunha subvención de 400.000.- pesetas para o funcionamento da Asociación.
- 5.- Compromiso de participación no proxecto de creación dun Centro Galego da Imaxe.
- 6.- Resolución das subvencións complementarias para as películas que recibiron axudas no ano 1.987.
- 7.- Incremento da dotación presupostaria para Imaxe nos presupostos do ano 89.
- 8.- Creación dunha Escola de Imaxe e Son cunha dotación económica de 100 millóns pola Consellería de Educación e 187 millóns pola Consellería de Cultura.
- 9.- Apoio económico suficiente para os proxectos "Sempre Xonxa" e "Continental".

B.- Relacións co I.C.A.A.- Ministerio de Cultura:

- 1.- Escrito ó Director Xeral de 9 de febreiro de 1.988
- 2.- Entrevista coa Secretaría das Subcomisións de Valoración
- 3.- Comunicado da asamblea do 30 de xullo de 1.988
- 4.- Escrito ó novo Director Xeral do 9 de xaneiro de 1.989.

C.- Relacións coa TV.G.

Houbo un encontro nas Xornadas de Cine e Vídeo de Carballiño co Director da TV. G., no que se lle plantexaron verbalmente algunas das nosas aspiracións, ó que seguiu unha entrevista na que se lle entregou un escrito, [REDACTED] no que se recollen os que pensamos deben ser os primeiros pasos da relación que ten que encetarse entre a TV. G. e a nosa Asociación: débese ir cara un proceso de establecemento dun convenio que regule esas relacións.

Anos 89 - 90

1) Estado da Asociación

Ata o mes de maio do 90 deixaron de paga-la cuota de 12.000 pts. establecida na asamblea do día 21 - 1 - 89 as seguintes empresas:

Antón Reixa de Vídeo Esquimal, Javier Ozores Marchessi de Los Films del Búho, Daniel Domínguez de A serpe do Caravel, Antonio Simón de Produccións do Noroeste, Ramón Domínguez Rego de Galaxia Comunicación (vocal da xunta directiva), Luis Rodríguez Carballido de C.TV. (vocal da xunta directiva), Luis Alvarez Pousa de Vídeo Voz, Chano Piñeiro de P.C. Piñeiro e Francisco Casal de Villaverde Asociados (tesoreiro). E dicer, un total de 9 membros.

Permanecen o corrente de pago das cuotas e mantiveron contactos coa xunta directiva as seguintes empresas:

C.A.I., Ophiusa, Estudio 13 e Milagros Bará, amais de Cabanas Cao de Espello Vídeo Cine e Carlos López Piñeiro P.C., vicepresidente e presidente respectivamente.

Na asamblea do 21 de xaneiro do 89 formáranse dúas comisións de cuia actividade non volvimos ter noticia.

2) Actividades da Xunta Directiva:

Perante todo o ano 89 a xunta directiva quedou reducida ó presidente e vicepresidente.

Asistimos á constitución do CUICA (Comité Unitario Interprofesional del Cine y lo Audiovisual) no que ficamos integrados ó traverso da Federación de Asociaciones de Productores Cinematográficos, na que están incluidas toda-las asociacións das Comunidades Autónomas. Na xuntanza estaban representadas tamén a Federación de Espectáculos e Cultura de CC.OO., Técnicos Asociados Cinematográficos Españoles, Autores Literarios de Medios Audiovisuales, Federación de Unión de Actores del Estado español, Confederación de Espactáculos y Oficios

Varios de UGT e a Asamblea de Directores y Realizadores Cinematográficos Españoles.

Informar distes acontecementos foi un dos puntos da orde do día da asamblea celebrada o día 1 de abril de 1.989 á que sóo asistimos 4 membros dos 15 que formabamos a Asociación.

Da constitución do CUICA surdiu a principal contestación ó "decreto Semprún" e o compromiso da Administración de resolver a fondo as deficiencias estructurais do sector audiovisual con medidas lexislativas axeitadas.

Mantivemos 6 entrevistas coa Dirección Xeral de Cultura, coa que colaboramos nas Xornadas sobre Políticas Audiovisuais celebradas na primeira semán de maio do 89 en A Coruña, nas que estivo representada e participou a Asociación.

Participamos na Convocatoria de subvencións ás Asociacións da Consellería de Cultura solicitando unha subvención que nos foi denegada.

O día 4 de agosto de 1.989 asistimos en Carballiño, perante a celebración das Xornadas de Cine e Vídeo e convocados pola Dirección Xeral de Cultura a unha comida coa Dirección da TV.G. para celebrala xuntanza que fora prometida perante a celebración das Xornadas sobre Políticas Audiovisuais que ía tratar das relacións das productoras con TV. Pola banda de TV.G. sóo asistiu o Director de Programación Manolo Villanueva, que confesou que non traguía ali nengún poder de representación e que vía difícil o futuro das devanditas relacións mentres permanecese no seu cárrego o equipo de dirección existente naquel momento.

Antre o 23 e o 26 de novembro colaboramos e participamos na celebración en Vigo de Cinegalicia, actos organizados pola Consellería de Cultura, que serviron de presentación das tres primeiras películas de longametraxe de produción galega e de plataforma para seguir potenciando a produción audiovisual no noso país.

Perante o actual ano 90, amáis da constante comunicación co responsable do Area de Imaxe, Xosé Coira, mantivemos unha entrevista ofi-


cial coa Directora Xeral de Cultura, Paz Lamela, na que intercambiamos opiniões sobre os seguintes temas:

- CGI (escomenzaría a funcionar a partires de xuño-xullo)
- Escola de Audivisuáis (para o vindeiro curso)
- Convocatorias de axudas á produción de Cine e Vídeo cunhas características que mellorarían tanto cuantitativa coma cualitativamente as de anteriores convocatorias.
- Elaboración dun Convenio Consellería / TVG / Asociación.
- Proxecto de producción dunha serie de TV. no que participarían as empresas membros da Asociación.


Asemade mantivemos outra entrevista co Director da TV.G. na que reivindicamo-la nosa participación no debate dos convenios que firman coa Consellería de Cultura xa que nos afectan directamente. Tamén anticipamo-la necesidade de chegar a un convenio de carácter xeral que estableza e regule as relacións da TV.G coas empresas productoras. Por outra banda, propusémoslle-la idea de producir unha serie de ficción coa participación das empresas integrantes da Asociación.

Fóinós parcialmente subvencionado pola Consellería de Cultura un proxecto consistente en levar polas principais cidades da nosa emigración americana unha selección de videos e películas curtas e as tres primeiras películas longas de produción galega.

28 de decembro de 1.990



Carlos A. López Piñeiro
Presidente



José Xoán Cabanas Cao
Vicepresidente

ASOCIACIÓN PRODUCTURAS DE CINE E VÍDEO DE GALICIA

* PROGRAMA DE ACCIÓN A CURTO E MEDIO PRAZO

Inspirado no principio xeral de que as nosas actividades deben estar orientadas a representa-lo sector da producción audiovisual (vídeo e cine) en orde a consegui-lo aumento (en cantidad e calidad) da producción en Galicia, esbozámolo seguinte programa de acción.

- 1.- Constitución dunha mesa de diálogo tripartita Cultura/TVG/ Productoras para negocia-las subvencións deste ano co seguinte criterio:
 - Aumento dos fondos a investir.
 - Investimento paritario Consellería/TVG.
 - Diversificación das partidas, tendo en conta a vertente industrial das empresas de producción.
- 2.- Reivindicar perante o Ministerio de Cultura, e co apoio da Xunta de Galicia, o funcionamento normalizado do Fondo de Protección á Cinematografía e consegui-la cuota proporcional de Galicia no reparto de subvencións do Ministerio.
- 3.- Regularizar e normaliza-las nosas relacións corporativas coa CRTVG na liña de conseguir un convenio que defenda o mantemento e aumento da producción propia e que teña en conta ó sector e maila dinamización dos xéneros televisivos más abandonados (ficción e documentalismo).
- 4.- Regularizar e normaliza-las nosas relacións coa Consellería de Industria: consideración de sector preferente, consecución de créditos brandos para equipamento. apoio á presencia en feiras internacionais, etc.

- 5.- Dinamización das relacións exteriores fundamentalmente con organismos comunitarios do Programa Media e asociacións do mesmo tipo en Europa e en España (convenios coa TVE e FORTA).
- 6.- Establecemento de contactos coa Consellería de Relacións Institucionais para evitar que a produción institucional de publicidade, vídeo industrial e educativo, se encomende a empresas de fóra de Galicia.
- 7.- Establecemento de relacións cos proveedores habituais do noso sector para conseguir "forfaits" na compra de materiais funxibles e equipos técnicos. Organizándose isto en forma de central de compras ou como mellor se estime.
- 8.- Promover un libro branco do sector audiovisual, que sirva para establecer unha descripción da actualidade do mesmo (censo, facturación, investimento, postos de traballo, etc.), un perfil de mercado e unhas liñas de futuro para a nosa actividade.
- 9.- Ostenta-la representación corporativa no Consello asesor da CGAI.
- 10.-Consecución dun convenio coa Escola de Imaxe e Son para a organización de meritoriaxes e reciclaxe de persoal.
- 11.- Promover todo tipo de contactos políticos e empresariais que beneficien a mellor consecución de todos estes obxectivos.

ACTA DA ASAMBLEA XERAL ORDINARIA DO DIA 21 DE XANEIRO DE 1.989

Nos locais da Galería Sargadelos de Santiago de Compostela a Asociación de Productoras de Cine e Vídeo de Galicia celebrou asamblea xeral ordinaria, en segunda convocatoria, ás 12 horas, estando representada-las seguintes empresas productoras:

- CAI (Centro de Artes Imaxinarias)
- Villaverde Asociados
- Espello Vídeo Cine
- Vídeo Voz
- Anxeles García e Daniel Domínguez
- Milagros Bará
- Carlos A. López Piñeiro

Segundo a orde do día da asamblea, o presidente deu lectura ó informe da xestión e ó balance económico do ano 1.988, que se adjuntan.

Pasouse logo, no segundo punto da orde do dia, a debati-las propostas de actividades para o presente ano, en función do presuposto, e aprobáronse por unanimidade as seguintes:

- Edición dun "Press-boock" de promoción das producións dos asociados do ano 1.989.
- Celebración de Cursiños monográficos, para os que se esperan suxerencias dos asociados.

Desestimáronse coma improcedentes polo momento a contratación dun servizo de asesoría xurídica e a concesión dun premio ó mellor labor de promoción da expresión audiovisual galega.

Entrouse logo no terceiro punto da orde do día e aprobouse por unanimidade unha cuota de 12.000.- pesetas para o presente ano, pagadeiras dunha sóa vez, e cun prazo de pago que remata o día 28 de febreiro. A conta na que os asociados han face-lo ingreso é a seguinte: Asociación de Productoras de Cine e Vídeo, c/c nº 7.407-7, Banco Bilbao Vizcaya de Pontevedra. Tamén dentro deste punto acordouse o estudio de outras fórmulas de cotización para ser propostas á asamblea no seu día.

No referente ó cuarto punto da orde do día, acordouse a creación de dúas comisións de estudio:

-Lexislación europea, estatal e autonómica para o medio audiovisual.

Desta comisión forman parte Anxeles García e Milagros Bará, así coma calqueira outro asociado non presente na asamblea que así o deseche, para o que debe poñerse en contacto coas citadas.

-Informe para o proxecto de Centro Galego da Imaxe.

Desta comisión forman parte Villaverde Asociados, Vídeo Voz, Espello Vídeo Cine e Carlos A. López Piñeiro, así coma calqueira outro membro non presente na asamblea que o deseche, para o que se debe poñer en contacto cos anteriores.


No derradeiro punto da orde do día, Rogos e preguntas, propúxose que a Asociación xestione convxuntamente o convenio de dereitos de antena de TV.G. para as subvencións da Consellería de Cultura de 1.988, que afecta ós seguintes asociados presentes na asamblea: Anxeles García, Milagros Bará, Espello Vídeo Cine e Carlos A. López Piñeiro, así coma a outros non presentes dos que se descoñece se están ou non interesados.

Asemade, a asamblea manifestou a súa preocupación pola ausencia á mesma do resto das productoras, sen que ningunha tivera excusado a súa presencia.

De outra banda, foi solicitada unha comunicación máis puntual da actividade que realice a xunta directiva e, por parte desta, foi solicitada tamén unha maior iniciativa dos asociados para pedir la información que desexen e expoñelos seus problemas, se os teñen, a fin de que poidan ser assumidos e defendidos.

Para rematar, tomouse o acordo, por unanimidade, de convocar asamblea xeral extraordinaria para o día 1 de abril.

21 de xaneiro de 1.989



Asnd.: O presidente, Carlos A. López Piñeiro

PRENSA

Capítulo 3

- Epígrafe 3.1.3.1.** TVE en Galicia
 - 3.1.4. Inauguración TVG
 - 3.1.4.1. El idioma en TVG
 - 3.1.4.3. Intervención Política
 - 3.1.4.4. Audiencia y presupuestos TVG
 - 3.1.4.5. Privatización TVG
 - 3.2.1.4. CTV
 - 3.2.1.7. Asociacionismo
 - 3.2.2.1. Arquivo da Imaxe
Subvenciones video
Imaxe na Escola.


EL CORREO GALLEGO 4/6/85

Inaugurada la sede coruñesa de Radiotelevisión

A CORUÑA. Correspondencia de ayer, lunes, se inscribió en la historia de la vida de la sede con caracteres de especial significación, porque en esta noche acaba de ser inaugurado el remodelado y restaurado hermoso e histórico edificio "La Terraza". En él se instalarán los servicios del Ente Público Radiotelevisión Española, secretaría general y subdivisión de Arquitectura. Esta promoción de "La Terraza" es consecuencia de un acuerdo establecido por el ayuntamiento de A Coruña con Radiotelevisión Española.

Los honores de singular acontecimiento se celebró, a las once de media, la inauguración del edificio tras su restauración en los niveles arquitectónicos y adaptación para los fines que desde ahora viene a cumplir. Las obras se realizaron en récord de cien días por la empresa "Entrecanales y Ta-

rector general del Ente Público José María Calviño, que estaba acompañado del director de TVE, Ramón Criado y otros jefes de Televisión Española, asistió al acto de inauguración, que tuvo lugar en los jardines de Méndez Núñez, dentro de "La Terraza", donde el jefe de la capital herculina, Francisco Vázquez, pronunció unas palabras en las que resaltó lo que significaba para A Coruña ese momento, pues recordaba el haber rescatado y salvado y ruina uno de los edificios coruñeses y enciar desde el mismo servicio públicos que es el servicio de Galicia como Radio Nacional, Radiocapitana y, como institución, entraba en servicio por vez la Unidad Informática dependiente



general de RTVE, José María Calviño, destacando también la importancia del acto. Y recordó que el edificio de "La Terraza", su construcción en época gloriosa de A Coruña, había sido iniciativa del alcalde Abad Conde y que en este día que se incorpora a los fastos coruñeses otro alcalde, Francisco Vázquez, había tenido la feliz idea de recuperarlo y en un acuerdo con RTVE ponerlo en servicio para defensa de Galicia en todos sus intereses comunes. Recordó que "La Terraza" fue en sus tiempos de muchacho en A Coruña uno de los símbolos que más entrañablemente habían influido en sus recuerdos coruñeses.

Homenaje a seis jubilados

El presidente de la Xunta de Galicia, Gerardo Fernández Albor, el delegado del Gobierno, Domingo García Sabell, y las autoridades coruñesas, recorrieron después las dependencias que se inauguraban y a continuación se sentaron en el estudio

de inauguración y al mismo tiempo al homenaje que Radiotelevisión Española tributó a seis de sus jubilados en el pasado año. En un acto que recogieron para transmitir en directo las cámaras del Centro Regional allí instaladas, el director general del Ente Público, José María Calviño, entregó placas de plata en las que se consigna el reconocimiento a esos trabajadores de RTVE, dedicando unas palabras llenas de cordialidad para todos ellos. Manifestó que constituyan ejemplo de dedicación al trabajo y de sentido de responsabilidad, y que Televisión Española recordará siempre a quienes con tanta lealtad dedicaron sus años de trabajo desde los puestos que desempeñaron en Radio Nacional y en RTVE.

En nombre de los seis galardonados habló nuestro compañero José Rey Feas Alvite, que en la última década de su larga andadura profesional fue redactor del Centro Regional de Televisión Española en Santiago. El

palabras la emoción que sentían sus compañeros de homenaje de jubilación, indicando que la placa de plata que les acababa de entregar el Sr. Calviño significaba en la vida de los seis jubilados que la jubilación era únicamente una separación física, así la espiritual y moral que ese testimonio viene a reforzar en cada uno de los que por imperativo de la edad pasaron a ser pensionistas.

Ha sido un acto muy emotivo y de singular significación, presentado por el periodista del Centro Regional de TVE, en Santiago, José Manuel Orriols.

Junto con nuestro redactor de tantos años de vida activa, Pepo Alvite, recibieron el homenaje materializado personalmente por el Director General de RTVE, José María Calviño, estos otros jubilados:

Maria Josefa Camino Pereira, administrativa de Radio Nacional de España en A Coruña.

Genebrando Valadrón Cánoyas, jefe de Producción y Emisiones de Radio Nacional de España en la misma ciudad coruñesa.

Jenaro Rodríguez Alvarado, encargado de enlaces hertzianos, en Ovadura-Oseira.

José María Sánchez Condal, consejero de Radio Nacional de España en A Coruña.

La Banda Municipal de Música amenizó los momentos más sobresalientes de esta jornada coruñesa en la que "La Terraza" fue el símbolo de un viejo pasado que se actualizaba y que representa punto de partida para una prometedora etapa d proyección de medios de comunicación social radio-television de cara a Galicia.

En el acto se encontraba presente Manuel Roldán, el veterano periodista de Radiotelevisión Española en Galicia.

Faro de Vigo

25-7-85


santiago

□ SANTIAGO, Delegación.

"A creación da Televisión de Galicia é un paso trascendental na nosa historia; xa que achega un medio moderno e cunha capacidade de dinamización insospechada ou tarefa de creación da patria galega", dijo el presidente de la Xunta de Galicia, Gerardo Fernández Albor, durante el discurso, televisado en directo, en el acto inaugural del centro productor y emisor de Televisión de Galicia, ubicado en San Marcos. El solemne acto se celebró en una de las explanadas del edificio de San Marcos, donde se congregaron más de medio millar de personas, entre las que se encontraban las primeras autoridades de Galicia, presidente del Parlamento y delegado del Gobierno, entre otras.

El presidente del Gobierno gallego, Gerardo Fernández Albor, acompañado de su esposa, María Asunción Baltar Tojo, fueron recibidos en la entrada principal del edificio de San Marcos por el vicepresidente de la Xunta, José Luis Barreiro Rivas, y demás miembros del Gobierno de Galicia. Cuando el presidente hizo acto de presencia en la explanada, la Banda de Música del Ayuntamiento de A Coruña interpretó la marcha del antiguo reino de Galicia. En ese mismo instante se iniciaba la transmisión en directo del acto para toda Galicia a través del ca-

Inaugurada Televisión de Galicia



El presidente de la Xunta de Galicia ha presidido ayer la inauguración de Televisión de Galicia. La telefoto de Efe recoge el momento en que el doctor Fernández Albor pronuncia un discurso para resaltar la importancia de este acto.

"Hoxe se deu un paso dos mais trascendentais da nosa historia" (Dr. Fernández Albor)

cinco centos millóns de pesetas fixo realidade un medio de comunicación".

Para José Luis Barreiro "a lingua, a cultura o ser de Galicia

"entregamos hoxe o fruto do seu esforzo a Compañía Galega de Radio Televisión para que saiba agromaren mil primaveras o futuro de Galicia".

rra que agóra da albergue a Televisión de Galicia". Recafirmó el papel que Televisión de Galicia va a jugar dentro de la normalización lingüística.

se deu un paso dos mais trascendentais da nosa historia, sot de todo se temos en conta non o feito da importancia cualitativa deste medio de unificación social, de penetración cultural de normalización da lingua; non, ademais apreciamos lo fe de que a cultura galega sae c ruceros, onde tanto tempo mantivo e tan ben se conservou".

Coincidindo coa festa nacional de Galicia –indicó en o momento el Dr. Fernández Albor hoxe é un día de fonda leda para todos nós, e temos que celebralo, conscientes de que o que hoxe damos, endexam pode voltarse atrás. Dende hoxe Galicia ten unha característica máis na súa nacionalidade, dende hoxe ten un instrumento máis de unificación política; desde hoxe ten unha imaxe de progreso e unha imaxe de vida que accentúa a nosa responsabilidade, tempo que afirma a nosa esperanza.

El presidente de Galicia cluyó su discurso con las siguientes palabras: "Así, o tempo que felicitó a todos cantou: xeron posible esta leda redonda, declaro inaugurada, dende Galicia enteira, a televisión de Galicia que hoxe, baixo a rada protectora do Apóstol Santiago, escomenza a aventar os tempos que ya son cheos

Marcos por el vicepresidente de la Xunta, José Luis Barreiro Rivas, y demás miembros del Gobierno de Galicia. Cuando el presidente hizo acto de presencia en la explanada, la Banda de Música del Ayuntamiento de A Coruña interpretó la marcha del antiguo reino de Galicia. En ese mismo instante se iniciaba la transmisión en directo del acto para toda Galicia a través del canal autonómico.

En representación del arzobispo bendijo las instalaciones el secretario de la Conferencia de Obispos Gallegos, Germán Alonso, quien en breves palabras recordó la importancia de los medios de comunicación.

□ José Luis Barreiro Rivas: "La obra más importante de la Xunta de Galicia".

El vicepresidente de la Xunta y conselleiro de la Presidencia, departamentos responsables, a través de la Dirección General de Medios de Comunicación Social, de poner en marcha Televisión de Galicia, en sus primeras palabras, dio cuenta de que se trataba de "a obra singular mais importante cuantitativamente e cualitativamente, de cantas ten levado a termo a Xunta de Galicia. En apenas dez meses dende que o Parlamento dera estado presupuestario a decisión da Xunta de crear a nosa televisión, unha inversión de dous mil

"Hoxe se deu un paso dos mais trascendentais da nosa historia" (Dr. Fernández Albor)

cinco centos millóns de pesetas fixo realidade un medio de comunicación".

Para José Luis Barreiro "a lingua, a cultura o ser de Galicia en xeral, merecen este instrumento eficaz coma ningún outro e dinamizador, para chegar coa sua influencia e para recoller a apartación de ídolos galegos que; mais que conservar e admirar a súa cultura e a súa historia, queren vivila, proxeectala cara o futuro".

Hoxe é dia no que temos que lembrar -dijo más adelante- a cantos na recente historia de Galicia arrequeceron o lume do amor a terra e do amor a patria que fixo posible esta obra. Eu estou seguro de, que se Rosalía, Curros, Pondal, Castelao, Vilar Ponte, Bóveda, Cunqueiro e tantos outros que sería imposible nomear ainda que non lembrar, estiveran presentes neste acto, terían a seguridad de que o seu esforzo, que é o mesmo esforzo noso, topara definitivamente un instrumento eficaz que sempre arrelaron como camiño para dar cumio a sua monumental e grande obra".

Seguidamente el presidente de la Xunta, como conselleiro de la Presidencia, señaló que

"entregamos hoxe o froito do seu esforzo a Compañía Galega de Radio Televisión para que saiba agromar en mil primaveras o futuro de Galicia".

Recordando una anécdota, José Luis Barreiro terminó con estas palabras: "se hoxe alguém nos pregunta qué estamos facendo aquí, que a ninguén se lle ocurra decir que estamos inaugurando a televisión. Afirmaremos alto e forte: estamos facendo Galicia".

□ Palabras del director general de la Compañía de Radiotelevisión de Galicia

Luis Losada, director general de la Compañía de Radiotelevisión de Galicia mostró su satisfacción: "Sento unha ledicia por recibir no nome da compañía este edificio que chega as nosas mans". Recordó el gran trabajo que se había hecho en tan poco tiempo y tuvo palabras de agradecimiento para Tomás Fernández, director general de Medios de Comunicación Social: "Chegamos agora o remate dista obra que é fundamental para o futuro de Galicia. Fai menos dun ano que esto era unha laméira donde escomenzábase a mover a te-

rra que agorá da albergue a Televisión de Galicia". Reafirmó el papel que Televisión de Galicia va a jugar dentro de la normalización lingüística y para acercar la cultura a los gallegos. "Potenciaremos a normalización da lingua e da cultura galegas. Defenderemos e afortalaremos a identidade desde a nosa lingua e a cultura".

Finalizó refiriéndose a la programación experimental que se emite a partir de hoy, que después se ampliará tres horas. "Espero que cando remate o ano poidan ser, cando menos, cinco".

□ Gerardo Fernández Albor: "Una de las más importantes decisiones en esta legislatura"

"A decisión de crear os medios de comunicación institucionais en Galicia, é en especial a posta en marcha da televisión que hoxe inauguramos, presupón unha das mais importantes decisiones de governo das adoptadas nesta primeira legislación". Con estas palabras inició su discurso el presidente de la Xunta de Galicia, Gerardo Fernández Albor.


Para Fernández Albor "hoxe

guímos para tras, pero que felicitó a todos quanto foi posible esta leda redonda, declaro inaugurada, dí de Galicia enteira, e o servizo de Galicia enteira, a Televisión de Galicia que hoxe, baixo a rada protectora do Apóstol Santiago, escomenza a aventar os tempos que xa son chegados".


□ Actuación del balleto "Rey de Viana"

La programación previamente continuó con una actuación especial del Ballet Gallego "Rey de Viana" que también transmitida en directo a través de Galicia.

El presidente de la Xunta acompañado de su gobierno y las primeras autoridades de Galicia, realizó un detenido recorrido por las instalaciones de Televisión de Galicia. En la puerta principal el jefe del Ejecutivo llegó fue recibido por el director de Televisión de Galicia, Germán Montes, que se encargó de mostrarle las instalaciones. Previamente el doctor Fernández Albor descubrió, en el hall principal del edificio, una placa en la que se lee: "O edificio e instalacións de Televisión de Galicia foron inauguradas o 2 de xullo de 1985 sendo presidente da Xunta, o Excmo. Dn. Xerardo Fernández Albor e conselleiro da Presidencia o mo, Sr. Dn. Xosé Luis Barreiro Rivas".



Control central de la televisión, dotado de modernos aparatos
Foto: A. Alvarez



Edificio de San Marcos, donde está ubicada Televisión de Galicia

Tres mil millones de pesetas se invirtieron en el centro inaugurado ayer

Fernández Albor calificó la puesta en marcha de TVG como una de las decisiones de gobierno más importantes en esta legislatura

Santiago (Redacción). Un sencillo acto al aire libre, en las inmediaciones del centro de producción y emisión de San Marcos, sirvió de marco para iniciar las emisiones de la Televisión de Galicia y declarar inaugurado oficialmente, tras la correspondiente bendición, el canal autonómico. Los discursos del presidente y del vicepresidente de la Xunta, al igual que el pronunciado por el presidente de la «compañía», calificaron la fecha como histórica, asegurando que «estamos haciendo Galicia». El centro de la Televisión de

Galicia se vistió ayer de gala para mostrar cómo quedará configurado el esquema de un plan de comunicación todavía en fase de maduración. Un calor sofocante planeó sobre un nutrida representación de autoridades autonómicas -el Gobierno en pleno y la mayoría de los directores generales-, representantes del Gobierno central, autoridades locales invitados que escucharon pacientemente los discursos oficiales, una actuación del Ball de Galego Rey de Viana y las piezas que interpretó la banda de música de La Coruña.

El presidente de la Xunta, al inaugurar el centro de televisión de Galicia, dijo que «a decisión de crear os medios de comunicación institucionais en Galicia, e en especial, a posta en marcha da televisión presuponen unha das más importantes decisión de goberno das adoptadas nesta primeira legislación. Decisión de goberno que se asenta no convencimento que temos todos galegos, e que a Xunta soupo materializar e instrumentar, de que é Galicia, como nacionalidade histórica, un conxunto solidario de obxectivos e de esforzos que constitúen a realidade política na que se asenta o noso autogoberno».

Destacó que «a necesidade de autonomía política non se xustificaria plenamente pensando somentes na mellor administración e na maior riqueza en bens materiais. Polo contrario, esa autonomía política xurde do feito de ter unha personalidade diferente, medida por aspectos transcendentes da historia e da cultura, que conforman un xeito de vida específico e diferente en todas as actividades humanas. E lóxico, pois, que sinalemox entre os primeiros obxectivos do autogoberno o afondamento nesa realidade diferenciada e a proxeción que dende ela temos

que afirma a nosa esperanza».

Apoyo a la cultura gallega

El vicepresidente de la Xunta, José Luis Barreiro, aseguró que la televisión de Galicia «supón a obra singular máis importante cuantitativamente e cualitativamente de cantas ten levado a termino a Xunta de Galicia». -3-


Barreiro Rivas se refirió al esfuerzo preciso para tener la televisión autonómica: «Fixo falta ter se en que Galicia é unha realidade fruto da historia e do esforzo cultural das súas xentes que debe vivir e medrar con valores de seu ainda neste intento en que as unidades supranacionais queren convertir en parádiso o feito de profundizar no que nos é propio, no que nace de nós sin sobradar as fronteiras nas que se diluye a riqueza que agroma das profundas raíces da terra. Fixo falta fér en que o esforzo por construir un país políticamente unido e socialmente artellado ten que facerse lóxicamente antes e temporalmente de xeito paralelo e ese outro esforzo por mellorar as condicións materiais da nosa vida. Fixo falta fér en que o esforzo da Administración Gallega, de cants técnicos e traballadores colaboran nesta obra, fa suplir as desficiencias estructurais

televisión prestará especial atención «os homes do agro e do mar, que son os que mostraron maior apoio a una televisión falada en galego».

Una inversión de 3.000 millones

El coste total de Televisión Galicia asciende a 3.178 millones de pesetas, de los cuales 1.200 corresponden a los recibidos a través de la Ley de Insuficiencias y 1.293 a los presupuestos de 1985. Los gastos de personal y de funcionamiento se cifran para el año 1985 en 865 millones de pesetas, de los que unos 80 millones serán financiados con ingresos de publicidad. En apenas diez meses, desde que el Parlamento presentara el estado presupuestario a la decisión de la Xunta de crear la televisión autonómica, una inversión de 2.500 millones de pesetas hizo realidad un centro de comunicación que cuenta con este centro de producción y emisión de programas y con seis centros emisores y múltiples repetidores espaciados por la geografía gallega. Los centros están en Montefaro-Ares (Bailladora), Xistral (Lugo), Páramo (Lugo), Meda (Orense), Domaio (Pontevedra) y Pedroso (Santiago).

Con los actuales medios, se estima que en un 70 por ciento



todas as actividades humanas. E lóxico, pois, que sinalemos entre os primeiros obxectivos do autogoberno o afondamento nesa realidade diferenciada e a proxección que dende elas temos que facer do emprego dos recursos materiais de que dispónemos.

Definió la creación da televisión de Galicia como «un paso trascendental na nosa historia, xa que achega un medio moderno e cunha capacidade de dinamización insospechada á tarefa de creación da patria galega».

Finalizó su discurso señalando que «dende hoxe Galicia ten unha característica máis na súa nacionalidade, dende hoxe ten un instrumento máis de unificación política; dende hoxe ten unha imaxe de progreso e unha imaxe de vida que acrecenta a nosa responsabilidade ó tempo

condicións materiais da nosa vida. Fíxose falta fér en que o esforzo da Administración Galega, de cantos técnicos e traballadores colaboran nesa obra, para suplir as deficiencias estruturais dun país coma Galicia no que moitos dos compoñentes deste mundo da comunicación teñen entrado por primeira vez».

Barreiro Rivas finalizó su disertación afirmando que «estamos facendo Galicia».

El director general de Radio-Televisión Galicia, Luis Losada, cerró las intervenciones pidiendo la colaboración de todos los gallegos para forjar un medio al servicio de esta comunidad autónoma y que responda a los criterios que definen un ente público. Destacó el esfuerzo que se hace para dotar a Galicia de medios de comunicación públicos propios y aseguró que esta

television vai a estar en Monforte-Ares (Bailadora), Xistral (Lugo), Páramo (Lugo), Meda (Orense), Domaio (Pontevedra) y Pedroso (Santiago).

Con los actuales medios, se estima que en un 70 por ciento de la geografía gallega se pueden captar las emisiones. Con un plan ya elaborado, y que se irá poniendo en marcha a partir del próximo año, se cubrirá el resto de municipios hasta que se consiga que ningún rincón de Galicia quede sin las imágenes de esta televisión.

